MÓDULO 4 “THE THINGS PEOPLE DO!

UNIT 13: GOOD INTENTIONS

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS

- Captar información global e específica de mensaxes orais e escritas sobre intencións de futuro e ofertas.
- Producir mensaxes orais e escritas sobre resolucións de futuro, colaboracións,...
- Traballar aspectos gramaticais como “going to”, “must”, “mustn’t”.
- Practicar a pronuncia de “must” / “mustn’t”

2.- CONTIDOS

Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

- Habilidade para conversar sobre intencións de futuro e facer ofrecementos utilizando unha linguaxe apropiada e incorporando as expresións estudadas.
- Comprensión oral dunha conversa entre adolescentes sobre os propósitos do Ano Novo, dun diálogo entre unha nai e o seu fillo sobre un día desafortunado e a “photo story” da unidade.
- Lectura e comprensión escrita da información que aparece nun texto sobre os propósitos de cara ao Ano Novo, dun diálogo entre nai e fillo sobre un día desafortunado e a “photo story” da unidade. O alumnado poderá facer uso do dicionario para resolver os seus problemas de léxico e contará co apoio visual que a “photo story” lle proporciona.
- Destreza para elaborar a contestación a un correo electrónico sobre o Ano Novo de forma comprensible e breve, utilizando os conectores e o léxico axeitado.

Bloque 2: Coñecemento da lingua

- Recoñecemento das intencións e predicións baseadas en evidencia no presente mediante o uso de “be going to”, estrutura “want somebody to do something” e expresións de obrigas ou cousas que se deben facer e prohibicións mediante o verbo modal “must” e “mustn’t”.
- Reflexión e dedución das normas de funcionamento da lingua inglesa a partir da observación de regularidades.
- Uso avanzado do vocabulario estudado para conversar sobre as intencións de futuro e facer ofrecementos para comprobar que o alumnado incorporou o léxico estudado e que pode facer uso do mesmo.
- Identificación e pronuncia de “must” / “mustn’t” co fin de mellorar a comunicación.
- Coñecemento e aplicación das estratexias que levan a practicar a expresión oral fóra da aula.

Bloque 3 : Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- Coñecemento e identificación das costumes e tradicións da cultura anglosaxona tales coma a forma de pasar o Nadal e as resolucións para o Ano Novo que figuran de forma explícita ou implícita nos textos da unidade.
- Interese por formas culturais distintas da propia e actitude de respecto polos valores e comportamentos doutras culturas.
- Contraste e enriquecemento de nosa cultura cos aspectos que nos aporta o coñecemento da lingua inglesa.

UNIT 14: YOU SHOULDN'T DO THAT!

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS

- Captar información global e específica de mensaxes orais e escritas sobre as costumes da xente en distintos países.
- Producir mensaxes orais e escritas sobre a personalidade; expresar recomendacións e opinións.
- Traballar aspectos gramaticais como o verbo modal “should”
- Detectar as consoantes mudas.

2.- CONTIDOS

Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

- Habilidade para dar consellos e facer recomendacións así como describir a personalidade da xente e expresar opinións empregando unha linguaxe adecuada e as expresións estudadas.
- Comprensión oral duns diálogos sobre un cuestionario (“quiz”) de coñecementos culturais tirados dunha revista. Preténdese valorar a capacidade do alumnado de cara á comprensión xeral e específica de mensaxes orais así como a súa capacidade de deducir o significado de elementos mediante o contexto.
- Lectura e comprensión escrita (global e específica) da información que aparece nun “quiz” de coñecementos culturais e dun texto con consellos sobre viaxes ao Reino Unido.
- Destreza para redactar unha carta ou correo electrónico dando consellos e recomendacións
- sobre as viaxes ao estranxeiro a un “penfriend” ou “e-mailfriend” que está a piques de visitar España, e que virá a Galiza. A redacción será breve e utilizaranse os conectores e

o léxico axeitado. Prestarase especial atención ás estratexias seguidas para mellorar a produción escrita.

Bloque 2: Coñecemento da lingua

- Recoñecemento do verbo modal “should” e “shouldn’t” para expresar o que é conveniente e para dar recomendacións.
- Utilización da estrutura “what / be / like” para facer descrições de persoas ou cousas nas tarefas de expresión oral e escrita.
- Uso avanzado do vocabulario estudado para facer descrições e dar consellos, describir a personalidade de distintas persoas e expresar opinións.
- Identificación e pronuncia das palabras con consoantes que non se pronuncian pese a que se escriben coa finalidade de mellorar a pronunciación.
- Coñecemento e aplicación das técnicas que levan á elaboración dun listado de adxectivos referentes á personalidade cos seus antónimos e consellos para afrontar tarefas de comprensión escrita con preguntas de “true” ou “false”.

Bloque 3 : Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- Coñecemento e identificación dos lugares máis coñecidos dos países que figuran no “quiz” da lectura inicial e os consellos e recomendacións para os turistas que van visitar o reino Unido, consellos que aparecen de forma implícita ou explícita nos textos da unidade.
- Interese por formas culturais distintas da propia e actitude de respecto polos valores e comportamentos doutras culturas.
- Contraste e enriquecemento de nosa cultura cos aspectos que nos aporta o coñecemento da lingua inglesa.

UNIT 15: HOW BRAVE!

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS

- Captar información global e específica de mensaxes orais e escritas sobre situacións perigosas.
- Producir mensaxes orais e escritas sobre medios de comunicación.
- Traballar aspectos gramaticais como as oracións condicionais reais con “if” e contrastalas coas temporais; “participial adjectives” (-ing / -ed).
- Practicar a acentuación nas oracións condicionais.

2.-CONTIDOS

Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

- Habilidade para conversar sobre o que pode acontecer e falar sobre situacións de risco empregando a linguaxe adecuada e as expresións estudadas.
- Comprensión oral dun artigo dunha revista sobre un encontro cara a cara cun gorila, dunha conversa entre dous adolescentes sobre a valentía e a “photo story” da unidade.
- Lectura e comprensión escrita da información que aparece nun artigo dunha revista sobre un encontro cun gorila e a “photo story” da unidade, mediante a axuda do dicionario e o apoio visual.
- Destreza para escribir de forma sucinta e comprensible o resumo dunha película, libro ou programa de televisión no que alguén está nunha situación perigosa, utilizando o léxico e conectores apropiados e logrando que a redacción sexa comprensible para o lector.

Bloque 2: Coñecemento da lingua

- Oracións condicionais “1st type” ou “real” con “if” para expresar o que un cre que e posible no futuro en tarefas orais e escritas.
- Recoñecemento do cambio de significado entre oracións condicionais con “if” e temporais con “when” e uso correcto destas estruturas en tarefas orais e escritas.
- Reflexión e dedución de normas de funcionamento da lingua inglesa a partir da observación de regularidades.
- Uso avanzado do vocabulario estudado para sobre o que pode pasar no futuro e falar sobre xente que asume riscos e que é considerada “valente”.
- Pronunciación da entoación nas oracións condicionais para mellorar a comunicación.
- Coñecemento e posta en práctica de estratexias para recordar aspectos gramaticais e consellos para mellorar a organización dun informe para un periódico ou revista.

Bloque 3 : Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- Coñecemento e identificación da importancia da protección aos animais en perigo de extinción e a popularidade desmesurada, as veces, de profesións ou deportes de aventura que figuran nos textos da unidade.
- Mostra de aprecio por formas culturais distintas da propia e actitude de respecto polos valores e comportamentos doutras culturas.
- Contraste e enriquecemento de nosa cultura cos aspectos que nos aporta o coñecemento da lingua inglesa.

UNIT 16: IT'S A MAD WORLD

1.- *OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS*

- Captar información global e específica de mensaxes orais e escritas sobre experiencias ao longo da vida.
- Producir mensaxes orais e escritas sobre experiencias, tópicos e competitividade.
- Traballar aspectos gramaticais como o “present perfect”.
- Practicar a pronuncia de “have” e “has” co “present perfect”.

2.- *CONTIDOS*

Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

- Habilidade para facer preguntas e responder sobre experiencias pasadas empregando a linguaxe apropiada e incorporando as expresións adecuadas.
- Comprensión oral duns fragmentos tirados do “Guinness Book of Records” e dunha entrevista con alguén que quere bater un record, comprobaremos de este xeito a capacidade do alumnado de predicir o significado dalgúns elementos mediante o contexto.
- Lectura e comprensión escrita (tanto global como específica) da información que aparece nos fragmentos tirados do “Guinness Book of Records” , dun texto sobre alguén que está acostumado a bater records e dun texto sobre o cantante “Elvis Presley”, utilizando para isto o dicionario con eficacia e coa axuda do apoio visual.
- Destreza para redactar de forma comprensible e breve a contestación a unha carta ou correo electrónico sobre unha viaxe a L.A. (Los Angeles) utilizando o léxico e os conectores adecuados.

Bloque 2: Coñecemento da lingua

- Recoñecemento do “present perfect” con “ever”, “never”, “for” e “since” para expresar as accións que empezaron no pasado e continúan na actualidade, para falar de experiencias ao longo da vida.
- Uso avanzado do vocabulario estudado para preguntar e responder sobre experiencias do pasado e as súas conexión co presente para deste xeito comprobar que o alumnado incorporou o léxico estudado e que sabe utilizalo.
- Identificación e pronuncia consciente de “have” e “has” no aspecto perfecto (present perfect) co fin de mellorar a comunicación.

- Coñecemento e aplicación das técnicas que levan á elaboración de verbos irregulares en todas as súas formas.

Bloque 3 : Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- Coñecemento e identificación dalgúns dos records máis curiosos do “Guinness Book” e os datos máis destacables da biografía de Elvis Presley que figuran de forma explícita ou implícita nos textos da unidade.
- Mostra de aprecio por formas culturais distintas da propia e actitude de respecto polos valores e comportamentos doutras culturas.
- Contraste e enriquecemento de nosa cultura cos aspectos que nos aporta o coñecemento da lingua inglesa.

4º ESO

Pasamos a expoñer en 1º lugar o referente a “actitudes, valores e normas” por seren estes comúns a todas as unidades.

En 2º lugar pasaremos a facer unha exposición de cada unha das unidades do texto a nivel de “obxectivos”, “contidos”, “coñecemento da lingua” e “aspectos socioculturais e consciencia intercultural”.

ACTITUDES, VALORES E NORMAS

- Desexo de practicar a partir de modelos válidos para se desenvolver na lingua inglesa.
- Interese polo traballo cooperativo.
- Interese por coñecer e respectar opinións sobre crenzas, costumes,...distintas das propias.
- Desexo de afondar no coñecemento da estrutura da lingua inglesa.
- Interese por captar matices de pronunciación e assimilar sons característicos da lingua inglesa.
- Interese por coñecer e pór en práctica técnicas de estudo que poden axilizar a aprendizaxe.
- Interese por adquirir e ampliar o léxico que axude a relacionarse cos falantes da lingua inglesa.
- Desexo por gozar coa lectura de textos de toda índole na lingua estranxeira.
- Interese pola corrección formal nas distintas destrezas da lingua obxecto de estudo.
- Interese por participar nas actividades propostas.

UNIT 1: TEENAGERS TODAY

1.- *OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS*

- Falar sobre temas actuais de interese xeral.
- Facer e responder preguntas sobre información persoal.
- Describir hábitos e estilos de vida.
- Expresar preguntas e opinións.
- Respetar as regras de puntuación e da orde das palabras na produción escrita.
- Recoñecer e practicar a acentuación de palabras con sufixos.

2.- *CONTIDOS*

Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

Reading

- Posta en práctica de estratexias para a identificación de “key words” nun texto.
- Lectura global e intensiva de extractos dunha páxina web para completar as tarefas.

Listening

- Discriminación de información relevante nun extracto dun programa de radio.
- Aplicación de estratexias auditivas para a identificación de información verdadeira ou falsa.

Speaking

- Interacción oral sobre os temas principais da unidade pondo en práctica a linguaxe aprendida.
- Elaboración e práctica dun diálogo no que se pregunten e expresen opinións a partir das claves dadas.

Writing

- Reflexión sobre as normas de uso das maiúsculas e de puntuación.
- Familiarización con diversos tipos de texto, como o correo electrónico (e-mail).
- Produción dun e-mail con información persoal a partir dunhas claves e dun modelo.

Bloque 2: Coñecemento da lingua

Funcións da linguaxe e gramática: describir e comparar hábitos e estilos de vida. falar sobre accións en curso. Expresar opinións.

- Conceptos: present simple vs present continuous, preguntas suxeito e obxecto, gerunds (-ing), verbos seguidos de –“ing” (love, like, hate, enjoy, don’t mind)

- **Procedementos:** os exercicios do texto presentan actividades variadas: lectura do cadro gramatical e reflexión sobre o aspecto presentado; elaboración de oracións a partir dunhas pistas dadas; escoita dun diálogo no que se dan consellos; completar un texto cos dous tempos; completar oracións; elaboración dun diálogo no que se expresen opinións e practicalo cos compañeiros;...)

Léxico: temas de interese xeral entre a mocidade, causas benéficas e sufixos.

- **Vocabulario:** emocións, linguaxe corporal, adxectivos para describir o carácter das persoas.

Fonética

- Acentuación das palabras con sufixos.

Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- Temas de interese para a mocidade de hoxe en día no Reino Unido (UK) e no mundo.
- Causas solidarias promovidas por personaxes famosos.

UNIT 2: BEST-SELLER

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS

- Intercambiar opinións e datos sobre distintos tipos de relatos.
- Describir feitos do pasado.
- Pedir e dar información sobre acontecementos e situacións do pasado.
- Falar sobre hábitos do pasado.
- Discriminar e practicar a pronunciación de “used to”.

2.- CONTIDOS

Bloque 1. escoitar, falar, conversar, ler e escribir

Reading

- Activación de coñecementos previos para unha mellor comprensión dun texto sobre lendas urbanas.
- Identificación de información específica nun texto para contestar preguntas.

Listening

- Identificación e uso de estratexias previas á escoita que facilitan a comprensión do texto como a predición do contido a partir do título, o uso das axudas visuais ou a lectura previa das preguntas de comprensión que se farán sobre o mesmo.

- Discriminación de información xeral e específica nun extracto dun programa de radio.
- escoita dunha canción para completar as tarefas.

Speaking

- Interacción oral sobre os temas principais da unidade mediante a posta en práctica da linguaxe aprendida.
- Identificación das convencións na narración dun relato.
- Personalización dun diálogo seguindo as pautas dadas.

Writing

- Identificación da estrutura principal dun relato, prestando atención ás expresións temporais.
- Producción dunha historia curta a partir das claves dadas e utilizando o modelo e as estratexias presentados.

Bloque 2: Coñecemento da lingua

Funcións da linguaxe e gramática: pedir e dar información sobre o pasado

- Conceptos: “used to” (aff.,int, neg.) “past simple” vs “past continuous”. Uso de conectores temporais (while, suddenly, at first, then, later, after that, eventually, finally, afterwards,...)
- Procedementos: exercicios variados para practicar a gramática da unidade: cadro gramatical e reflexión sobre o aspecto presentado; inferencia de normas relativas ao uso do “past simple” e “past continuous”; completar oracións coa forma verbal correcta; completar un diálogo e practicalo cos compañeiros; escoita atenta dunha gravación para comprobar as respostas)

Léxico: tipos de relato e palabras confusas.

- Vocabulario: asociación de vocabulario con imaxes, identificación de palabras que poden levar a confusión (“history” / “story”), categorización de vocabulario, produción de oracións sobre experiencias persoais incorporando o léxico aprendido.

Fonética

- Identificación e práctica da pronunciación de “used to”

Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- A literatura na sociedade actual.
- Cancións de fala inglesa: “Paperback writer”.

UNIT 3: THE MATERIAL WORLD

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS

- Falar e intercambiar información sobre os bens de consumo.
- Describir e comparar obxectos e produtos.
- Falar e preguntar sobre preferencias.
- Expresar opinión.
- Identificar e practicar o acento das palabras.

2.- CONTIDOS

Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

Reading

- Activación de coñecementos previos ante a lectura dun texto sobre produtos novosos.
- Lectura global e intensiva dun texto para completar tarefas.

Listening

- Activación de coñecementos previos ante a escoita dunha entrevista.

Speaking

- Intercambios comunicativos mediante a posta en práctica da linguaxe e estruturas aprendidas na unidade.
- Identificación e posta en práctica de estratexias que axuden a mellorar a produción oral.
- Produción dun diálogo no que se fale sobre gustos e preferencias.

Writing

- Identificación das fórmulas comúns para a expresión de opinións e a produción de textos escritos incorporándoas.

Bloque 2: Coñecemento da lingua

Funcións da linguaxe e gramática: describir e comparar obxectos, persoas,...expresar a suficiencia ou carencia, definir persoas, cousas, e expresar preferencias.

- Conceptos: adxectivos en grado comparativo e superlativo; estudo dos adverbios en grado comparativo e superlativo; utilización de “enough”, “too much/many” e pronomes e adverbios de relativo.
- Procedementos: completar oracións coa forma correcta do comparativo ou superlativo; lectura do cadro gramatical e reflexión sobre o mesmo; elaboración de oracións con “too” e “enough”; a partir dun modelo, elaborar un diálogo no que se expresen as preferencias; escoita atenta dunha gravación para comprobar as respostas.

Léxico: produtos, diñeiro e unidades monetarias, adxectivos extremos

- Vocabulario: Adxectivos que describen produtos e as súas propiedades; verbos relacionados co diñeiro e adxectivos extremos.

Fonética

- Acentuación das palabras mediante a identificación e práctica da mesma.

Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- A mocidade fronte aos produtos de consumo e as súas reaccións.
- Feitos históricos sobre a moeda nos países de fala inglesa.

UNIT 4: GO TRANS-GLOBAL

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS

- Describir experiencias no pasado.
- Falar e preguntar sobre viaxes e aventuras.
- Describir lugares.
- Utilizar os conectores de adición e contraste: “also”, “too”, “however”, “but”,...
- Identificar e practicar a pronunciación da forma contracta de “have” e “has”.

2.- CONTIDOS

Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

Reading

- Aplicación das estratexias para inferir o significado das palabras segundo o seu contexto.
- Comprensión de información global nun texto para identificar a personaxe da que se fala.
- Extracción de información específica para contestar ás preguntas sobre un texto.

Listening

- Discriminación de información global e específica nun diálogo.
- Posta en práctica de estratexias auditivas para completar tarefas como a identificación de verdadeiro ou falso.

Speaking

- Intercambios comunicativos pondo en práctica a linguaxe e estruturas aprendidas na unidade.
- Uso de estratexias que favorezan a comunicación nunha lingua estranxeira.
- Producción dun diálogo no que se fale de viaxes e medios de transporte.

Writing

- Identificación da estrutura principal na descrición de lugares, prestando atención ás expresións de adición e contraste.
- Produción dunha descrición dunha cidade, pobo a partir das pistas dadas e utilizando o modelo e as estratexias de planificación dadas con anterioridade.

Bloque 2: Coñecemento da lingua

Funcións da linguaxe e gramática: expresar experiencias pasadas e eventos recentes

- Conceptos: expresar experiencias pasadas e eventos recentes. Forma e uso do “present perfect” con “ever”, “just”, “yet” e “already”.
- Procedementos: lectura do cadro gramatical e reflexión sobre o aspecto presentado; selección da opción axeitada para completar un texto correctamente; produción de preguntas a partir das pistas dadas; escoita atenta da gravación para comprobar as respostas; completar e practicar un diálogo cos compañeiros baseándose nun modelo dado; elaboración de oracións nas que se utilice o aspecto gramatical presentado.

Léxico: aspectos xeográficos, lugares nas cidades, sinónimos.

- Vocabulario: substantivos relacionados con aspectos xeográficos (island, ocean, lake,...) para o que terán que asociar ese vocabulario con unhas imaxes e completar unhas oracións. Asociación das palabras cos seus sinónimos.

Fonética

- Identificación e práctica da pronunciación das formas contractas de “have” e “has” para o que escoitarán unhas oracións nas que aparecen ditas formas.

Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- Grandes aventureiros no mundo de hoxe.
- Aspectos xerais sobre Canadá: historia, cultura, deportes, actualidade

UNIT 5: COMMUNICATING PEOPLE

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS

- Intercambiar información e opinións sobre os medios de comunicación.
- Describir situacións e acontecementos do presente e do pasado.
- Describir accións completas e incompletas no pasado.
- Expressar adición e contraste: “what’s more” e “both...and”
- Recoñecer e practicar a pronunciación de “since”.

2.- CONTIDOS

Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

Reading

- Activación de coñecementos previos ante a lectura dun texto sobre o papel dos teléfonos móbiles entre a xuventude.
- Lectura global e intensiva dun texto para contestar preguntas.

Listening

- Familiarización con estratexias que faciliten a comprensión xeral dun texto oral e posta en práctica das mesmas.
- escoita atenta dun extracto dun programa de radio para identificar a persoa á que se refire.
- Identificación verdadeira e falsa nunha revista.
- escoita atenta dunha canción para completar as tarefas.

Speaking

- Interacción oral pondo en práctica a linguaxe e estruturas aprendidas na unidade.
- Personalización dun diálogo no que se fale e pregunte por pertenzas, aplicando as estratexias presentadas.

Writing

- Identificación de aspectos básicos para a elaboración dun Portfolio de linguas.
- Reflexión sobre o uso dos conectores para a expresión de adición e contraste.
- Produción dun Portfolio sobre a lingua estranxeira que está a estudar coa axuda do modelo presentado e a utilización das estratexias anteriores.

Bloque 2: Coñecemento da lingua

Funcións da linguaxe e gramática: preguntar e responder sobre feitos do pasado, describir accións completas e incompletas no pasado, falar da comunicación.

- Conceptos: “present perfect vs past simple”; “present perfect” con “for” e “since”; preguntas con “how long”.
- Procedementos: lectura do cadro gramatical e reflexión sobre o aspecto presentado; completar oracións coa forma correcta do present perfect; selección da opción adecuada para completar un texto correctamente; elaboración de oracións nas que se utilice o aspecto gramatical presentado; escoita da gravación para comprobar as respostas; elaboración e práctica dun diálogo no que se describen posesións a partir dun modelo dado, interacción cos compañeiros.

Léxico: medios de comunicación, comunicadores, verbos con preposición.

- Vocabulario: substantivos, verbos e expresións utilizados para se comunicar (make a phone call, send an e-mail, chat,...) para o que asociarán imaxes co vocabulario presentado e producirán oracións sobre a experiencia persoal incorporando o vocabulario aprendido; verbos seguidos de preposicións (shout to sb, shout at sb, laugh with sb, laugh at sb,...)

Fonética

- Identificación e práctica da pronunciación de “since”.

Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- Os medios de comunicación no mundo actual
- Cancións en lingua inglesa: “Hanging on the telephone”

UNIT 6: VERY VISUAL

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS

- Falar e preguntar sobre arte, ilustracións e fotografías.
- Describir procesos.
- Expresar probabilidade.
- Facer, aceptar e rexeitar convites.
- Utilizar correctamente os conectores de causa.
- Identificar a entoación nas oracións interrogativas.

2.- CONTIDOS

Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

Reading

- Identificación de información xeral e específica nun texto sobre os comics “manga” para contestar a preguntas.
- Lectura global dun texto sobre o museo “Tate Modern” (London) para completar as tarefas.

Listening

- Activación de coñecementos previos ante a escoita dun texto sobre Leonardo Da Vinci.
- Identificación de información xeral e específica dun texto para completar as tarefas.

Speaking

- Intercambios comunicativos pondo en práctica a linguaxe e estruturas aprendidas na unidade.
- Identificación do valor da entoación na expresión oral.

- Uso de estratexias que faciliten a comunicación nunha conversa espontánea.
- Produción dun diálogo no que se fagan suxestións e se respondan.

Writing

- Inferencia do uso de conectores para expresar causa.
- Elaboración dunha descrición dunha fotografía ou debuxo tras a análise dun modelo dado.

Bloque 2: Coñecemento da lingua

Funcións da linguaxe e gramática: describir procesos, facer e responder a invitacións

- Conceptos: “voz pasiva” forma e usos en todos os tempos; uso e omisión do complemento axente; formación da pasiva co obxecto directo e indirecto da activa coma suxeito. Invitacións, preferencias con “would like to + inf.” e contraste con “like + -ing”; “I’d love to”, “that would be great”,...
- Procedementos: lectura do cadro gramatical e reflexión sobre o aspecto gramatical presentado; selección da opción adecuada para completar oracións correctamente; transformación de oracións en voz activa a pasiva; discriminación do uso de voz activa ou pasiva; completar oracións e textos coa estrutura ou forma verbal correcta; elaboración e práctica dun diálogo no que se fagan invitacións e se acepten ou rexeiten as mesmas.

Léxico: arte, creacións artísticas; nomes en funcións de adxectivos.

- Vocabulario: substantivos, adxectivos, verbos relacionados co mundo do arte (sculpture, portrait, watch, colourful,...), e substantivos utilizados como adxectivos (“a metal sculpture”, “a silver medal”,...). Para isto haberá exercicios de asociación de imaxes e vocabulario, casar definicións co vocabulario visto.

Fonética

- Entoación de oracións interrogativas para o que o alumnado terá que escoitar unha serie de oracións interrogativas e discernir se a entoación é ascendente ou descendente.

Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- O mundo da arte e a creación artística.
- Tate Modern (museo de Londres).

UNIT 7: WORK EXPERIENCE

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS

- Intercambiar opinións sobre o mundo laboral.

- Falar e preguntar sobre plans futuros, intencións e situacións.
- Expresar predicións e formular hipóteses.
- Discriminar o uso da linguaxe formal ou informal na expresión escrita.
- Identificar e practicar a pronunciación dos adxectivos.

2.- **CONTIDOS**

Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

Reading

- Activación de coñecementos previos ante a lectura dun texto sobre os traballos de verán da mocidade no Reino Unido (UK)
- Aplicación de estratexias lectoras que faciliten a comprensión, como a identificación das referencias dos pronomes dun texto.
- Identificación de información específica nun texto para completar as tarefas marcadas.
- Lectura xeral e intensiva dun texto sobre voluntariado para contestar as preguntas.

Listening

- Aplicación de estratexias auditivas que faciliten a comprensión dun texto oral e a activación de coñecementos previos.
- Obtención de información global e específica nunha charla dun orientador laboral.

Speaking

- Interacción oral en torno ao tema da unidade.
- Intercambios de opinións nos que se fale de predicións sobre a propia vida e expectativas, incorporando estratexias comunicativas e respectando as quendas de palabra.

Writing

- Discriminación do uso da linguaxe formal e informal nos textos escritos.
- Inferencia das convencións propias na produción dunha carta formal.
- Produción dunha carta formal como resposta a unha oferta de emprego a partir das pautas dadas e aplicando as estratexias aprendidas.

Bloque 2: Coñecemento da lingua

Funcións da linguaxe e gramática: expresar plans e intencións, facer predicións, formular hipóteses, falar do mundo laboral

- Conceptos: “going to” (distintos usos); “will” (distintos usos); present continuous” para expresar futuro; oracións condicionais (“zero” e “real”)
- Procedementos: lectura dos cadros gramaticais e reflexión sobre os aspectos presentados; inferencia do uso das distintas formas de falar do futuro; completar

oracións coa forma verbal correcta; elaboración de oracións utilizando o aspecto gramatical presentado; completar un diálogo no que se fan predicións sobre o futuro e practicalo cos compañeiros; escoita da gravación para comprobar as respostas; inferencia das normas de uso das condicionais “zero” e “real”; asociación de fragmentos para formar oracións; completar oracións condicionais coa opción correcta.

Léxico: o mundo laboral, características persoais

- Vocabulario: adxectivos, substantivos e verbos relacionados co mundo laboral (job, office, work, rest, unemployed, skilled,...); adxectivos para describir calidades persoais (sociable, reliable, serious,...) e adxectivos compostos (full-time, part-time,...) para o que terán que completar definicións co adxectivo correspondente e escoita da gravación para comprobar as respostas; asociación de adxectivos cos seus opostos; asociación de vocabulario con imaxes; descrición de imaxes utilizando o vocabulario aprendido.

Fonética

- Identificación e práctica da acentuación dos adxectivos (sociable, lazy,...)

Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- Accións solidarias
- Asociacións dedicadas á organización de expedicións de voluntariado xuvenil no Reino Unido (UK): Raleigh International

UNIT 8: GIRL MEETS BOY

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS

- Falar e preguntar sobre relacións persoais.
- Falar sobre sentimentos.
- Falar sobre situacións irrealis ou imaxinarias.
- Expresar probabilidade.
- Dar e pedir consellos.
- Aprender estratexias para planificar e organizar a produción escrita.
- Identificar e practicar a pronunciación de “would” e “wouldn’t”.

2.- CONTIDOS

Bloque1: Escoitar, falar, conversar, ler e escribir

Reading

- Familiarización con diversos tipos de texto como o cuestionario dunha revista.

- Lectura dun texto para completar as tarefas.

Listening

- Identificación e uso de estratexias para a identificación de información específica de textos orais.
- Discriminación de información relevante nunha conversa telefónica para contestar as preguntas.
- Escoita atenta dunha canción para completar as tarefas.

Speaking

- Intercambios orais en torno ao tema principal da unidade nos que se practiquen a linguaxe e estruturas aprendidas.
- Identificación das convencións propias da expresión de consellos.
- Personalización dun diálogo no que se pida e se dea consello a unha persoa, coa axuda do modelo e as estratexias dados.

Writing

- Estratexias para a planificación e organización do contido previo á escritura.
- Produción dunha carta a partir das pautas dadas e incorporando as estratexias anteriores.

Bloque 2: Coñecemento da lingua

Funcións da linguaxe e gramática: formular hipóteses, pedir e dar consellos, expresar probabilidade, dedución, habilidade, permiso, prohibición e obriga

- Conceptos: oracións condicionais “unreal”; verbos modais (should, may, might, can, can’t, must, mustn’t) “be allowed to”
- Procedementos: lectura dos cadros gramaticais e reflexión sobre os aspectos presentados; inferencia das normas de uso das condicionais “unreal”; asociación de fragmentos para formar oracións; completar oracións coa forma verbal correcta; elaboración de oracións condicionais; completar un diálogo no que se piden e dan consellos e practicalo cos compañeiros; inferencia das características e usos dos distintos verbos modais; completar oracións co verbo modal adecuado.

Léxico: relacións persoais, sentimentos.

- Vocabulario: substantivos, adxectivos e verbos + “phrasal verbs” para falar de relacións persoais e sentimentos (ask sb out, go out with sb, split up with sb, get married, depression, depressed, jealousy,...) para o que terán que asociar vocabulario con imaxes, ordenar palabras para formar oracións de forma correcta, completar definicións co termo correcto, asociar substantivos co adxectivo correspondente.

Fonética

- Identificación e práctica da pronunciación de “would” e “wouldn’t”.

Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- Acontecementos históricos e personalidades de Irlanda
- Cancións en lingua inglesa: “What can I do?”

UNIT 9: PRESS CONFERENCE

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS

- Falar sobre personaxes e feitos das noticias.
- Intercambiar opinións sobre o mundo da fama e os famosos.
- Relatar o que outra persoa di.
- Realizar unha correcta presentación do traballo escrito.
- Discriminar e practicar a pronunciación de letras mudas.

2.- CONTIDOS

Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

Reading

- Familiarización cos distintos tipos textuais como as noticias de prensa.
- Lectura global de varias noticias para relacionalas cos titulares correspondentes.
- Procura de información específica nun texto para completar as tarefas.

Listening

- Aplicación de estratexias auditivas na escoita dunha entrevista.
- Escoita atenta a unha entrevista para completar diversas tarefas, como o recoñecemento de información verdadeira ou falsa.

Speaking

- Intercambios comunicativos en torno ao tema principal da unidade nos que se poña en práctica a linguaxe aprendida.
- Identificación de estratexias que favorezan a comunicación, como as convencións para pedir unha aclaración se algo non se entendeu.
- Producción dun diálogo a partir dun modelo e utilizando as estratexias presentadas.

Writing

- Familiarización con diversos tipos textuais, coma a carta dun lector ante un artigo de prensa.
- Uso de estratexias para a mellora da presentación e produción de textos escritos.

- Produción dunha carta como resposta a un artigo da prensa.

Bloque 2: Coñecemento da lingua

Funcións da linguaxe e gramática: transmitir as ideas e opinións doutros.

- Conceptos: “reported speech” (en todos os tempos e cos verbos básicos que introducen o estilo indirecto (say, tell, ask,) e “indefinite pronouns” e “adverbs” (somebody, everybody, something, nothing, everywhere,...)
- Procedementos: lectura dos cadros gramaticais e reflexión sobre os aspectos presentados; inferencia das normas de uso do estilo indirecto; transformar oracións ao estilo indirecto; completar un diálogo e practicalo cos compañeiros; completar oracións coa forma verbal correcta; inferencia das normas de uso dos pronomes e adverbios indefinidos.

Léxico: as noticias, a fama

- Vocabulario: substantivos relacionados cos distintos tipos de noticias (home news, weather, sport news,...) para o que terán que asociar ese vocabulario coas entradas das noticias; “false friends” e discriminación do seu significado; substantivos e adxectivos relacionados coa fama (fan, superstar, successful, sensationalist,...) para o que terán que asociar vocabulario con imaxes e completar oracións co termo adecuado.

Fonética

- Identificación das letras mudas nalgúns palabras (forei(g)n, i(s)land,...)

Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- Embaixadores de boa vontade: famosos solidarios.
- Actitude reflexiva ante o papel da fama e os famosos na sociedade actual
- Valoración das causas benéficas no mundo de hoxe.

PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR 2º CICLO DA ESO

1.- OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

- Desenvolver destrezas comunicativas co fin de realizar intercambios de información na aula e situacións habituais básicas.
- Obter e seleccionar información utilizando as fontes dispoñibles apropiadas e transmitila de forma organizada e intelixible.
- Elaborar estratexias de aprendizaxe mediante procedementos lóxicos e intuitivos e ser capaces de as pór en práctica..

- Utilizar os recursos didácticos axeitados á estes niveis (libros de consulta, dicionarios, multimedia,...) co fin de buscar información e de resolver problemas de forma autónoma.
- Fomentar a autocorrección e, dependendo dos casos individuais, a intercorrección, xa que forma parte do proceso de aprendizaxe.
- Apreciar o valor que a lingua obxecto de estudo ten como medio de comunicación, non só con persoas que pertencen a culturas distintas, senón como linguaxe que utilizan entre eles (música, video xogos,...)
- Fomentar a autoestima para que sexan conscientes de que os problemas de aprendizaxe poden ser solventados, sempre que reflexionen sobre os mesmos.

2.- **CONTIDOS**

Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

Listening

- Comprensión de instrucións en contextos reais e simulados.
- escoita e comprensión de información xeral e específica de mensaxes cara a cara sobre temas concretos e coñecidos.
- escoita e comprensión de mensaxes sinxelas emitidas polos medios audiovisuais pronunciados con lentitude e claridade.
- Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación, identificación de palabras clave, identificación da intención do falante.

Speaking

- Producción oral de descrições, narracións e explicacións breves sobre acontecementos, experiencias e coñecementos diversos.
- Participación en conversas e simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos.
- Emprego de respostas espontáneas a situacións de comunicación na aula.
- Uso progresivamente autónomo das convencións máis habituais e propias da conversa en actividades de comunicación reais e simuladas.
- Uso progresivamente autónomo no uso de estratexias de comunicación para iniciar, manter e terminar a interacción, así como para resolver as dificultades durante esta.
- Producción de textos orais que conteñan elementos de coordinación e subordinación.

Reading

- Identificación do tema e do contido dun texto escrito co apoio de elementos verbais e non verbais.

- Comprensión da información xeral e específica de textos, en soporte papel e dixital, auténticos, sobre temas cotiáns de interese xeral e relacionados con contidos doutras materias do currículo.
- Identificación da intención do emisor da mensaxe.
- Lectura autónoma de textos relacionados cos seus intereses.
- Uso de distintas fontes, en soporte papel, dixital ou multimedia, para obter información co fin de realizar actividades individuais ou en grupo.
- Uso de diferentes estratexias de lectura, con axuda de elementos textuais e non textuais, usos do contexto, de dicionarios ou aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados.

Writing

- Produción guiada de textos sinxelos e estruturados, con algúns elementos de cohesión para marcar con claridade a relación entre ideas e utilizando estratexias básicas no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).
- Reflexión sobre o proceso de escritura con especial atención á revisión de borradores.
- Uso progresivamente autónomo do rexistro apropiado ao lector ao que vai dirixido o texto (formal e informal).
- Comunicación persoal con falantes da lingua estranxeira a través de correspondencia postal ou utilizando medios informáticos.
- Uso adecuado da ortografía e dos diferentes signos de puntuación.
- Interese pola presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital.

Bloque 2: Coñecemento da lingua

- Uso progresivamente autónomo de expresións comúns, frases feitas e léxico sobre temas de interese persoal e xeral, temas cotiáns e temas relacionados con contidos doutras materias do currículo.
- Identificación de antónimos, “falsos amigos”, e palabras con prefixos e sufixos máis habituais.
- Uso de estruturas e funcións asociadas a diferentes patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- Valoración da lingua estranxeira como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como posibilidade de acceso a informacións novas e como instrumento para coñecer outras culturas e formas de vivir diferentes e enriquecedoras.

- Coñecer costumes, formas de relación social, trazos e particularidades dos países nos que se fala a lingua estranxeira, fomentando a tolerancia e o coñecemento doutras culturas a través do idioma.
- Identificación das normas e dos comportamentos propios de pobos e culturas que falan a lingua estranxeira.
- Uso apropiado de formulas lingüísticas (cortesía, acordo, discrepancias, etc.) asociadas a situacións concretas de comunicación.
- Coñecemento e valoración de elementos de transfondo cultural propios dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Interese por propiciar encontros e intercambios comunicativos reais con falantes da lingua estranxeira.
- Desenvolvemento de actitudes que axuden a valorar a cultura propia a partir do contraste con outras.
- Respecto cara aos falantes da lingua estranxeira con independencia da súa orixe, raza ou lingua materna, propiciando o achegamento e a eliminación de barreiras na comunicación.
- Valoración da importancia da lingua estranxeira como forma de acceder á comunicación con outras persoas que aprenden a mesma lingua estranxeira.
- Recoñecemento da presenza da lingua estranxeira nos novos sistemas de comunicación tecnolóxica e a súa utilidade para comunicarse con persoas de procedencias diversas

3.– *OBXECTIVOS ACTITUDINAIS SEGUNDO CICLO DE SECUNDARIA*

Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

Speaking and listening

- Valoración do inglés como unha lingua para comunicarse con outras persoas, e mostrar curiosidade e interese cara ás persoas e cara aos países que falan a lingua estranxeira.
- Participación activa e respectuosa nos intercambios comunicativos da aula.
- Disposición para superar as dificultades que xorden habitualmente na comunicación, utilizando as estratexias de comunicación das linguas que coñece.
- Interese por comprender e facerse comprender a través da lingua.
- Comparación sobre o funcionamento da lingua estranxeira a partir das linguas que coñece.

Reading and writing

- Interese polo coidado e pola presentación dos textos escritos e valoración do papel que desempeñan para satisfacer as necesidades de comunicación.

- Valoración da lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e aprender.

Bloque 2 : Coñecemento da lingua

- Uso progresivamente autónomo de expresións comúns, frases feitas e léxico sobre temas de interese persoal e xeral, temas cotiáns e temas relacionados con contidos doutras materias do currículo.
- Identificación de antónimos, “falsos amigos”, e palabras con prefixos e sufixos máis habituais.
- Uso de estruturas e funcións asociadas a diferentes patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- Valoración da lingua estranxeira como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como posibilidade de acceso a informacións novas e como instrumento para coñecer outras culturas e formas de vivir diferentes e enriquecedoras.
- Coñecer costumes, formas de relación social, trazos e particularidades dos países nos que se fala a lingua estranxeira, fomentando a tolerancia e o coñecemento doutras culturas a través do idioma.
- Identificación das normas e dos comportamentos propios de pobos e culturas que falan a lingua estranxeira.
- Uso apropiado de formulas lingüísticas (cortesía, acordo, discrepancias, etc.) asociadas a situacións concretas de comunicación.
- Coñecemento e valoración de elementos de transfondo cultural propios dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Interese por propiciar encontros e intercambios comunicativos reais con falantes da lingua estranxeira.
- Desenvolvemento de actitudes que axuden a valorar a cultura propia a partir do contraste con outras.
- Respecto cara aos falantes da lingua estranxeira con independencia da súa orixe, raza ou lingua materna, propiciando o achegamento e a eliminación de barreiras na comunicación.
- Análise de aspectos relacionados coas dificultades ás que nos enfrentamos e como estas poden cambiar as nosas vidas.
- Intercambio de opinións sobre sentimentos e sensacións.

UNIT 4: TRADITION

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS

O alumnado será quen de:

- Extraer información global e específica de mensaxes orais e escritos sobre tradicións e xogos olímpicos.
- Familiarizarse con homógrafos para localizar as distintas funcións que poden ter na oración e utilízalos de xeito apropiado.
- Aprender expresións con “take”, e léxico relacionado coa cociña...
- Utilizar verbos e expresións seguidos de infinitivo e xerundio.
- Recoñecer e utilizar a voz pasiva.
- Utilizar os recursos adquiridos para reflexionar sobre o proceso de aprendizaxe.

2.- CONTIDOS

Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

Reading

- Artigo “Cítius, altius, fortius” sobre os xogos olímpicos.
- Introducción no tema principal de deportes e dos xogos olímpicos baseándonos nunhas fotos sobre distintos deportes.
- Predición do contido do texto e obtención xeral e específica do mesmo.

- Intercambio de información previa e dar unha opinión sobre o tema tratado no texto.
- Lectura detallada da produción escrita doutros compañeiros/as prestando especial atención a aspectos gramaticais e de pronunciación.

Speaking

- Intercambiar información en parellas sobre aspectos relacionados co tema central da unidade e intercambio de información cun compañeiro/a contestando a preguntas co verbo “take”.
- Debate en parellas ou grupos sobre os distintos tipos de festivais que coñecen ou que son coñecidos e os aspectos que chaman a atención.
- En parellas falar sobre os pratos favoritos, pratos que coñecen doutros países e os ingredientes básicos.
- Preparación dunha situación na que hai que intercambiar información sobre un festival ou celebración na que o alumnado tiña asistido.

Listening

- Exercicio gramatical sobre formas verbais correctas e comprobación mediante audición.
- Anotacións das palabras chave durante a audición.
- Lectura da introdución á entrevista que van escoitar para introducir o tema.
- Audición dunha entrevista nun programa de radio sobre festivais e diversidade cultural da que haberá que obter información xeral e específica.
- Audición dun programa de radio para distinguir o tipo de programa que é e achegarse a aspectos da familia real británica.

Writing

- Lectura de “Exam Tactics” sobre a mellor maneira de comezar e rematar unha narración para atraer a atención do lector.
- Unión de títulos de novelas cos extractos dos seus comezos e finais para decidir se resultan atractivos e motivan a seguir lendo.
- Anotación rápida de palabras que inspira unha foto como punto de partida dunha narración e posterior intercambio cun compañeiro/a para comprobar se o comezo é convincente.
- Redacción do resto da narración (arredor dunhas 100 palabras).

Bloque 2: Coñecemento da lingua

Estruturas comunicativas

- O xerundio.
- Verbos seguidos de infinitivo e –ing.
- A voz pasiva.

- Passive with reporting verbs.
- Uso causativo de have / get.

Vocabulario

- Vocabulario relacionado cos deportes e os Xogos Olímpicos.
- Homógrafos.
- Expresións básicas co verbo “take”.
- Léxico relacionado con formas de cocinar.

Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- Intercambio de opinións sobre aspectos de actualidade próximos á realidade do alumnado: tradicións populares.
- Formas distintas de cocinar en distintos países.
- Uso das formas lingüísticas adecuadas para expresar as situacións de comunicación propostas.
- Coñecemento da historia dos Xogos Olímpicos.
- Coñecemento de distintas tradicións do noso país e doutros países por medio dos compañeiros/as.

UNIT 5: JUSTICE

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS

- Extraer información dun texto para comprobar a súa comprensión e buscar sinónimos utilizando o texto como referente.
- Familiarizarse co léxico sobre crimes e co sistema xudicial así coma cos “phrasal verbs” relacionados co tema.
- Poder expresar condicións en distintos contextos e situacións.
- Ser conscientes e aprender dos erros feitos e ser capaz de localizar eses erros e ofrecer a versión correcta.

2.- CONTIDOS

Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

Reading

- Lectura “The great dome robbery”
- Introducción ao tema principal da unidade “ a xustiza” observando unhas imaxes e asociándoas ás definicións dadas.

- Predición do contido do texto mediante unhas imaxes e lectura do texto para comprobar se a predición era correcta.
- Localización de sinónimos ou expresións similares.
- Lectura doutras producións escritas para detectar erros, acertos,...

Speaking

- En parellas, intercambiar información sobre o tema principal do texto.
- Intercambiar información sobre distintos tipos de “crimes” para practicar o léxico aprendido e expresar opinións sobre a pena de morte.
- En parellas, facer un “roleplay” entre, por exemplo, alguén que cometeu un delito e a vítima do mesmo (un roubo unha tenda). Tentar utilizar as estruturas e expresións suxeridas.

Listening

- Escoita da lectura e atención á produción oral tanto do profesor/a como dos compañeiros/as.
- Predición do tema da audición antes de escoitar un programa de radio sobre alguén que foi executado no Reino Unido (hang-hanged-hanged) (facendo fincapé no feito que foi a derradeira persoa en ser executada no Reino Unido)
- Segunda escoita da audición para extraer información específica.
- Escoita dunha audición sobre un arresto domiciliario para elixir entre as opcións presentadas e dar unha opinión.

Writing

- Lectura sobre un artigo do roubo dunha peza de arte para que serva como modelo e exemplo e resposta a preguntas de comprensión sobre o artigo.
- Lectura das pautas de cómo facer un resumo dun texto baseándose en tres resumos distintos para decidir cal é o mellor e xustificando a decisión.
- Elaboración dun resumo dunhas 45 palabras sobre baseado nos temas da unidade.

Bloque 2: Coñecemento da lingua

Estructuras comunicativas

- Conditional Clauses (zero, 1st, 2nd, 3rd, mixed)
- As conxuncións que introducen as oracións condicionais.
- Preposicións de lugar (in, at,...)

Vocabulario

- Vocabulario relacionado co crime e co sistema xudicial.

Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- Intercambio de opinións sobre a pena capital.
- Uso das formas lingüísticas axeitadas para expresar as situacións de comunicación propostas.
- Achegamento ao sistema xudicial británico como forma de aprendizaxe da cultura anglosaxona.
- Intercambio de opinións sobre os sentimentos e sensacións que os actos criminais producen e respecto por outros puntos de vista e enfoques.

UNIT 6: DISCOVERY

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS

- Escribir e falar sobre distintos tipos de descubrimentos (científicos, xeográficos e históricos) utilizando as fórmulas e estratexias adecuadas para que se leve a cabo unha comunicación fluída e directa.
- Expresar hábitos no pasado e no presente e desexos, pesar e remordemento
- Familiarizarse con adxectivos compostos e coa orde de adxectivos para facer descrições e definicións.
- Ser consciente dos erros cometidos, ser capaz de proporcionar unha versión correcta.

2.- CONTIDOS

Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

Reading

- “Homo floresiensis” artigo sobre o descubrimento dunha antiga civilización.
- Introducción ao tema principal da unidade (discovery) mediante preguntas sobre situacións actuais.
- Asociación da información dada e os termos suxeridos para deducir o contido do texto.
- Lectura dos distintos textos para extraer información xeral e específica, así como sinónimos e expresións similares ás proporcionadas.
- Lectura dun texto descritivo dun lugar (travel guide) como punto de partida e referencia para a posterior tarefa escrita.

Speaking

- En parellas ou grupos intercambiar información sobre a existencia doutras especies e lendas sobre as mesmas.
- Explicación dun feito concreto e intercambio de preguntas e respostas.

- Elaboración en parellas ou grupos dunha conversación (roleplay) entre unha persoa que estivo nunha casa encantada e outras que lle fan preguntas sobre a experiencia.
- Debater e falar sobre as vantaxes de vivir nunha sociedade multicultural.
- Falar sobre as habilidades pasadas, presentes e futuras.

Listening

- escoita do texto de lectura para centrar a atención na pronuncia e acentuar a comprensión auditiva.
- 1ª escoita dunha entrevista a alguén que ao parecer viu un fantasma e contestar unha serie de preguntas.
- 2ª escoita da entrevista para extraer información específica e completar unhas oracións coa opción correcta.

Writing

- Expresión escrita de dúas lembranzas da infancia utilizando “used to”.
- Escribir unhas oracións que expresen experiencias, desexos ou críticas utilizando “wish” e “if only”.
- Elaboración dunha lista de feitos e opinións coa axuda dun extracto dunha guía de viaxes.
- Análise do extracto mediante a resposta a algunhas preguntas.
- Redacción dun extracto dunha guía de viaxes sobre unha rexión ou país que o alumnado coñeza ben seguindo a estrutura suxerida.

Bloque 2: Coñecemento da lingua

Estructuras comunicativas

- ”used to” e mención de “would” para falar de experiencias e hábitos pasados.
- ”will” e “would” para expresar hábitos presentes e pasados.
- ”wish” e “if only” para expresar desexo, crítica ou remordemento.

Vocabulario

- Adxectivos compostos para describir unha persoa fisicamente.
- Orde dos adxectivos cualificativos en caso de que exista máis dun nunha oración.
- Diferenza de significado entre “sound” e “sound like” e outros verbos similares (look e look like, feel e feel like,...)
- Diferenza entre “other” e “another”.

Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- Aproximación a outro tipo de situacións, civilizacións e descubrimentos.

- Intercambio de opinións sobre descubrimentos científicos no século XXI.
- Interese polas situacións que conducen ao descubrimento dalgún feito científico ou cultural.
- recoñecemento da sociedade tecnolóxica na que vivimos e como isto afecta á evolución e descubrimentos en campos diversos.
- Valoración do traballo dos compañeiros/as e aceptación da crítica constructiva feita ao traballo producido.

UNIT 7: ENERGY

1.-OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS

- Extraer información xeral e específica sobre tipos de enerxía, de cómo sentirse mellor e mais enerxético.
- Familiarizarse con adxectivos e frases idiomáticas relacionados coa enerxía e unha forma de vida saudable.
- Distinguir entre adxectivos que admiten grado e os que non o admiten (gradable e non-gradable adjectives) e utilízalos adecuadamente.
- Recoñecer as formas de “be/ get used to + -ing” e empregalas de xeito adecuado.
- Profundar en estruturas comparativas (vistas na unidade 1).
- Distinguir e saber utilizar os distintos tipos de oracións de relativo

2.- CONTIDOS

Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

Reading

- Artigo introdutoria ao tema da unidade “Inject some energy into your life!”
- Lectura de “Exam Tactics” para facilitar a comprensión do texto e lectura do mesmo para extraer información global e específica sobre o mesmo
- Procura de sinónimos e expresións similares ás que aparecen no texto.
- Lectura dun texto descritivo sobre un feito dramático como modelo dunha posterior actividade escrita.

Speaking

- Intercambio de información sobre as situacións que xeran ou consumen enerxía.
- En parellas ou grupos, intercambio de información sobre os hábitos do almorzo e como pode influír na enerxía diaria.
- Utilización oral de expresións idiomáticas (“idioms”) para definir estados de enerxía.

- Intercambio de información sobre formas de relaxación e construción dunha conversación na que se intercambia información e opinións sobre as actividades nun centro de T'ai Chi.

Listening

- escoita do texto principal da unidade para se centrar na entoación e mellorar a comprensión.
- escoita dun texto que previamente tivo que ser completado con pronomes ou adverbios de relativo para comprobar se a información é correcta.
- escoita das palabras chave da audición dun programa de radio para facilitar a comprensión e segunda escoita para decidir se as oracións son verdadeiras ou falsas.

Writing

- Introducción ao tema da unidade lendo un modelo de redacción descritiva sobre un Tsunami.
- Listado de adxectivos para describir unha das situacións propostas e decidir se estes adxectivos son “gradables” ou non.
- Anotación de aspectos nos distintos pasos a seguir na estrutura dunha redacción descritiva. (background, introduction, main facts , plot and conclusión)
- Redacción descritiva dunhas 80 palabras seguindo as pautas dadas.

Bloque 3: Coñecemento da lingua

Estruturas comunicativas

- Oracións de relativo: “Defining” e “Non- Defining relative clauses”; pronomes e adverbios relativos: usos, omisións.
- “Be used to / get used to” + -ing para indicar o que un está acostumado a facer ou pode acostumarse a facer.

Vocabulario

- Léxico relacionado coa enerxía individual e os aspectos que inflúen na mesma.
- Adxectivos e expresións idiomáticas relacionadas coa enerxía e a falla da mesma.
- Adxectivos que admiten ou non unha gradación.

Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- Intercambio de coñecementos sobre experiencias dramáticas.
- Posta en práctica das formas lingüísticas aprendidas para expresar as situacións comunicativas propostas.

- Intercambio de ideas sobre como conservar a nosa enerxía e os aspectos que poden influír na conservación da mesma.
- Aprendizaxe dos compañeiros/as e da súa experiencia en distintos ámbitos, culturas,...
- Aceptación das opinións manifestadas polos demais compañeiros/as sobre distintas formas de vida ou filosofía da vida.

UNIT 8: CHALLENGE

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS

- Lectura global e específica para extraer información sobre o contido dun texto e asocialo aos titulares.
- Adquirir vocabulario relacionado coas viaxes e utilízalo coas actividades propostas.
- Deducir cando e como se utilizan os verbos modais tanto no presente como no pasado e o futuro.
- Aprender a distinguir entre distintos tipos de adverbios e a súa posición na oración.
- Utilizar estruturas para indicar que alguén fixo algo por vos.
- Predicir o contido dun texto e confirmar a predición mediante a lectura do mesmo.
- Redactar unha carta formal ou un correo electrónico a un amigo/a.
- Discernir entre palabras dubidosas na aprendizaxe da lingua.

2.- CONTIDOS

Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

Reading

- Dous artigos breves sobre retos deportivos.
- Interrelacionar imaxes, artigos e titulares.
- Lectura e obtención de información global e específica dos artigos.
- Uso de estratexias de comprensión lectora.
- Localización de sinónimos ou expresións similares relacionadas co tema principal.

Speaking

- Intercambio de información sobre xente coñecida que nalgún momento das súas vidas afrontaron un reto.
- Opinión sobre as calorías que se queiman nalgúns deportes.
- Preparación e posta en marcha dunha situación en parellas simulando que están a traballar nun proxecto sobre un medio de transporte no pasado coa intención de

convencer a outro estudante ou grupo de estudantes acerca da conveniencia do transporte elixido.

- Opinión sobre a débeda mundial e a posibilidade de que a débeda sexa condonada aos países pobres.

Listening

- Predición do contido da audición mediante a lectura e localización dos termos “chave” e o principio da mesma.
- escoita dunha entrevista sobre deportes para extraer información concreta da mesma e dar unha opinión.
- escoita dos puntos de vista doutros compañeiros/as sobre a débeda externa.

Writing

- Redacción dunha carta formal para solicitar información sobre un anuncio dunha viaxe.
- Redacción dun “e-mail” a un amigo/a para lle informar sobre a viaxe e para lle suxerir que faga esa viaxe ou unha similar.
- Elaboración dunha carta formal a unha personaxe famosa para solicitar a súa colaboración nun evento con fins benéficos.

Bloque 2: Coñecemento da lingua

Estruturas gramaticais

- Verbos modais indicando posibilidade e revisión de todos os verbos modais.
- Diferenza entre “needn’t have to” e “didn’t have to”

Vocabulario

- Vocabulario relacionado con viaxes e medios de transporte
- Uso dos adverbios e a súa posición na oración.

Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- Achegamento aos distintos tipos de viaxes e importancia dos mesmos de cara a coñecer novas culturas.
- Reflexión sobre a situación do terceiro mundo: a débeda externa e os actos culturais de carácter benéfico.
- Achegamento ás diferenzas lingüísticas entre a lingua materna e o segundo idioma.
- Adecuación do rexistro lingüístico dependendo do interlocutor, a situación,...
- Recoñecemento da presenza e importancia da lingua inglesa como vehículo para comprender outros contornos e realidades no mundo actual.

UNIT 9: POWER

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS E COMPETENCIAS

- Ler de forma autónoma un artigo e extraer información global e específica sobre o mesmo.
- Revisar o vocabulario relacionado coa educación.
- Revisar e utilizar adecuadamente o estilo indirecto en todos os contextos.
- Aplicar estratexias de comprensión adecuadas e demostrar que as tarefas indicadas foron entendidas.
- Ser conscientes das palabras que provocan confusión e que se prestan a un mal uso da lingua.

2.- CONTIDOS

Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

Reading

- Artigo sobre o poder da mente “The power of the mind”
- Deducir o tema principal do texto antes da súa lectura e extraer información e específica e xeral do mesmo.
- Localizar sinónimos e expresións similares relacionados co tema da unidade.
- Intercambiar información e opinións sobre o tema do artigo.
- Ler unha crítica dunha película para se familiarizar coa estrutura e contido deste tipo de texto (“review”).

Speaking

- Intercambio de opinións sobre tipos de poder, telepatía e a posibilidade da vida nun planeta no futuro.
- Elaborar unha conversación en parellas ou grupos na que unha das partes cortou a relación coa súa parella e lle conta a un amigo/a ou amigos/as como foi a conversación entre eles.
- Facer un resumo dunha película, libro, ... a un compañeiro/a.
- Intercambiar información e debater sobre os animais que traballan para os humanos.

Listening

- Contextualización da audición mediante a resposta a preguntas de comprensión sobre o tema.
- Atención á opinión e punto de vista dos compañeiros/as.
- Lectura e posterior localización das palabras chave dunha audición para comprobar se se coñecen e facilitar a comprensión da audición.

- escoita dun programa de radio sobre a historia de viaxes espaciais e extracción de información global e específica sobre a audición.
- escoita dunha audición sobre unha escola de elefantes para contestar a preguntas de “multiple choice” sobre o tema do trato aos animais.

Writing

- Lectura da crítica dunha película para que sirva de modelo á tarefa que o alumnado ten que facer por escrito.
- Organización dunha crítica ou sinopse dunha película.
- Utilización de adxectivos que describen tipos de filmes, libros cando se responde a determinadas preguntas.
- Redacción dunha crítica a unha película, libro, ... (nunhas 80 palabras)

Bloque 2: Coñecemento da lingua

Estruturas gramaticais

- Reported Speech en todos os seus aspectos (statements, questions, commands, requests)
- Revisión de “reporting verbs”

Vocabulario

- Léxico relacionado coa educación.
- Verbos relacionados co cambio.
- Verbos que expresan movemento físico.

Bloque 3: Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

- Capacidade e interese por expresar opinións sobre películas e libros.
- Apreciación, a través dos distintos textos, das diferenzas no trato de animais no país de orixe e noutros países.
- Recoñecemento das diferenzas entre linguas no ámbito educativo.
- Apreciación, aceptación da crítica e corrección de erros do traballo feito.

5. EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS.

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN: LINGUAS ESTRANXEIRAS

1.- OBXECTIVOS XERAIS E COMPETENCIAS

- Comprender a información global e específica de mensaxes orais e escritas na lingua estranxeira relativas ás diversas situacións habituais de comunicación para conseguir

que esta sexa fluída e satisfactoria, amosando unha actitude de respecto e interese por comprender e facerse comprender.

- Ler de forma comprensiva e autónoma, obtendo informacións globais e específicas, textos escritos dun nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumnado adulto.
- Utilizar a lectura de textos con finalidades diversas, valorando a súa importancia como fonte de información, gozo e lecer, e como medio de acceso a culturas e formas e formas de vida distintas das súas.
- Traspoñer as estruturas morfosintácticas aprendidas a diferentes contextos da vida cotiá (o mundo laboral, a vida familiar, o lecer,...)
- Valorar a axuda que supón o coñecemento das linguas estranxeiras para se comunicar con persoas que pertencen a outras culturas e para participar nas relacións internacionais e neutros ámbitos da actividade humana.
- Apreciar a riqueza que supoñen as diversas formas e culturas como formas distintas de organiza-las relacións interpersoais.
- Manter unha actitude receptiva e crítica cara á información procedente da cultura que as linguas estranxeiras transmiten e utilizar esa información para reflexionar sobre a cultura propia.

2.- CONTIDOS

Módulo 3:

Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

- Situacións de comunicación oral na lingua estranxeira partindo do propio contorno.
- Funcións habituais na vida cotiá: preguntar pola data e a hora, por un lugar ou por unha dirección, dar indicacións positivas e negativas; preguntar polo tempo cronolóxico e polo tempo meteorolóxico; situarse e situa-las cousas no espazo e no tempo; facer compras; pedir algo nun restaurante ou cafetería; expresar desexos e gustos; expresar estados físicos; preguntar pola cantidade e polo prezo; manifestar o desacordo ou a protesta e reclamar obxectos perdidos. Vocabulario relativo aos temas máis habituais: tendas e establecementos comerciais, mercancías diversas, produtos alimenticios, comidas e bebidas; adxectivos cualificativos para describi-las características físicas de cousas e da saúde das persoas.
- Rutinas e fórmulas básicas de interacción social; fórmulas para preguntar e responder; fórmulas para pedir unha información ou indicación espacial ou temporal; expresión das datas; fórmulas para expresar a dor física e outros estados de ánimo.
- Normas de pronuncia, mecanismos de interacción pregunta-resposta. Presente, imperativo, pasado simple e futuro dos verbos utilizados.

- Aspectos da cultura e da sociedade dos países nos que se fala a lingua estranxeira, próximos aos intereses e motivacións das persoas adultas.
- Presenza en Galiza da lingua estranxeira estudada: televisión vía satélite, anuncios en prensa, folletos de instrucións, cancións, filmes,...
- Comprensión de mensaxes orais breves, propias das situacións de comunicación estudadas no módulo, procedentes de distintas fontes; profesorado, compañeiros/as, medios de comunicación, etc..., extraendo a información relevante en cada caso.
- Produción e intercambio de mensaxes orais comprensibles para os interlocutores a un nivel básico e dentro das situacións de comunicación propias deste módulo e dos precedentes.
- Comprensión de textos relacionados cós contidos conceptuais do módulo, de interesa para as persoas adultas (instrucións, informacións, avisos,...) e capacidade de inferir, a partir do contexto, o significado dalgunhas palabras descoñecidas.
- Comprensión global, con ou sen axuda do dicionario, de textos escritos sinxelos periodísticos, literarios,... de interese para o alumnado adulto.
- Produción de textos escritos sinxelos con diferentes intencións comunicativas.
- Análise e comparación de determinados aspectos das formas de vida e trazos socioculturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos correspondentes no noso país.
- Utilización de materiais auténticos procedentes de distintas fontes co fin de obter as informacións desexadas.
- Participar en conversa breves utilizando as estratexias adecuadas para iniciar, manter e facer progresar a comunicación, producindo un discurso comprensible e adaptado ás características da situación e á intención de comunicación.
- Extrae-la información global e específica de textos auténticos, sinxelos e de extensión limitada, sobre temas diversos de interese para as persoas adultas.
- Recoñecemento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e tendencia a superar as dificultades que xorden na comunicación oral por falta de recursos lingüísticos, explotando ao máximo os coñecementos e as estratexias de comunicación que se traballan neste módulo 2 e no precedente.
- Toma de conciencia da capacidade para comprender globalmente unha mensaxe, dentro das situacións comunicativas abordadas, sen necesidade de entender todos os seus elementos.
- Interese polas mensaxes orais e escritas na lingua estranxeira co fin de obter información, ampliar coñecementos, etc,...

- Curiosidade por coñecer o funcionamento da lingua estranxeira e aprecio pola corrección no seu uso como garantía dunha comunicación fluída e eficaz.
- Curiosidade, respecto e valoración crítica das formas de vida e dos aspectos socioculturais característicos dos países nos que se fala a lingua obxecto de estudo.
- Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas doutras culturas.

Módulo 4:

Bloque 1: escoitar, falar, conversar, ler e escribir

- Situacións de comunicación xeradas pola utilización na clase de textos procedentes de distintas fontes (medios de comunicación, textos de carácter divulgativo, científico, literario,...).
- Funcións habituais da vida cotiá: expresar sentimentos, emocións e sensacións; expresa-la propia opinión e xustificala; describir e comparar realidades diferentes; expresar hipóteses; expresar obriga; expresar finalidade.
- Vocabulario relativo ao mundo do traballo, ao consumo e calidade de vida, á ecoloxía e medio ambiente, ás novas tecnoloxías, ao lecer, ás viaxes,...
- Aspectos discursivos: elementos que dan cohesión e coherencia ó discurso.
- Comportamentos específicos dos falantes da lingua estranxeira nos intercambios comunicativos nas situacións de comunicación citadas.
- Aspectos da cultura da lingua estranxeira en contraste cos da propia, sempre en relación cós temas traballados.
- Presenza da lingua estranxeira no ámbito local: turismo, medios de comunicación, manifestacións artísticas, culturais, deportivas, etc.
- Comprensión global de mensaxes orais procedentes de diversas fontes, distinguindo entre a expresión de datos e a opinión, e identificando a intencionalidade do falante.
- Produción de mensaxes orais comprensibles e cunha organización coherente.
- Participación activa en interaccións comunicativas para expresar estados de ánimo, xustificar as propias opinións, comparar realidades diferentes etc utilizando estratexias lingüísticas e non lingüísticas que aseguren unha comunicación fluída e eficaz.
- Comprensión global de textos escritos relacionados coa experiencia e a bagaxe cultural do alumnado adulto, tanto literarios (relatos curtos, comentarios críticos,...) como de carácter divulgativo ou científico, deducindo polo contexto o significado dalgunhas palabras.
- Comprensión global e extracción de información específica de textos escritos seleccionados dos medios de comunicación.

- Produción de textos escritos sinxelos e comprensibles cunha estruturación lóxica axeitada ao nivel.
- Emprego contextualizado das normas e hábitos de conduta dos países nos que se fala a lingua obxecto de estudo.
- Actitude positiva cara ás actividades de aula máis idóneas para desenvolver ao máximo a competencia comunicativa e cara á superación dos problemas que poden xurdir no proceso de aprendizaxe.
- Valoración do esforzo persoal e do traballo en equipo como medio para mellorar a aprendizaxe.
- Interese pola lectura autónoma de textos na lingua estranxeira como fonte de información e como medio de pracer.

3.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Módulo 3:

- Comprender mensaxes orais breves propias das situacións de comunicación traballadas neste módulo 3, procedentes de distintas fontes, extraendo a información relevante en cada caso.
- Producir mensaxes orais comprensibles e participar activamente nas situacións de comunicación propias deste módulo e xeradas pól as áreas léxicas traballadas.
- Comprende-la idea principal e extraer información específica de textos escritos breves de carácter interpersonal (cartas, notas, invitacións,...) e de textos máis extensos, inferindo o significado de palabras descoñecidas a través do contexto.
- Comprender globalmente, con axuda do dicionario se é preciso, textos escritos sinxelos de tipo periodístico, literario, divulgativo, etc, de interese para o alumnado adulto.
- Producir textos escritos sinxelos que respondan ás diferentes intencións comunicativas traballadas neste módulo.
- Utilizar conscientemente os coñecementos adquiridos acerca do novo sistema lingüístico como instrumento de control e autocorrección das producións propias e como recurso para comprender mellor as producións alleas.
- **Módulo 4:**
- Extraer a información global e específica de mensaxes orais emitidos en situación de comunicación sobre temas cotiás relacionados coa vida das persoas adultas (relacións familiares e laborais, amizades, lecer, etc.,)

- Extraer a idea principal e as informacións específicas máis relevantes de textos orais emitidos por medios de reprodución mecánica sobre temas que non esixan coñecementos especializados.
- Participar en conversas breves utilizando as estratexias adecuadas para iniciar, manter e facer progresar a comunicación, producindo un discurso comprensible e adaptado ás características da situación e da intención comunicativa.
- Extraer a información global e específica de textos escritos auténticos, sinxelos e de extensión limitada sobre temas diversos de interese para as persoas adultas.
- Ler de maneira autónoma, utilizando o dicionario dun xeito racionalmente correcto, textos sinxelos de diferente tipo (descritivos, argumentativos, explicativos,...) relacionados cos intereses propios e demostrar a comprensión dos mesmos mediante a realización dunha tarefa específica.
- Redactar textos sinxelos, a partir de estruturas coñecidas, atendendo a diferentes intencións comunicativas e respectando as convencións da comunicación escrita.
- Identificar os trazos socioculturais dos países nos que se fala a lingua inglesa para unha mellor comprensión das mensaxes e unha posterior análise comparativa como medio para comprender e valorar trazos característicos da cultura galega.

6. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

- No que respecta aos **contidos mínimos na ESO** e ao marco lexislativo correspondente a esta etapa remitímonos ao Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regúlanas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, á Orde do 6 de setembro de 2007, pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, á Orde do 21 de decembro de 2007, pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e á Orde do 30 de xullo de 2007, pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria.
- No que respecta á **ensinanza da lingua estranxeira como 2º idioma 1º ESO e 2º ESO**, os contidos mínimos serán os mesmos que os do 1º Idioma, tendo en conta que algúns deles terán que ser “minimizados” debido á redución de un período lectivo en comparación co 1º Idioma..
- No que respecta aos **contidos mínimos no BACHARELATO** e ao marco lexislativo correspondente a esta etapa remitímonos ao Real Decreto 126/2008, do 19 de xuño,

(D.O.G. do luns 23 de xuño de 2008) polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

- No que respecta aos **contidos mínimos da Ensinanza Secundaria de Adultos**, remitímonos á Orde do 26 de maio de 1997 (D.O.G. 135 do martes 15 de xullo de 1997) pola que se regula o ensino básico para as persoas adultas, se establece a súa estrutura e o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.

No ANEXO II desta programación figuran detallados os contidos mínimos dos distintos niveis e ensinanzas.

7. TEMPORALIZACIÓN

1º ESO:	1ª Avaliación.....unidades 1-3 2ª Avaliación.....unidades 1-6 3ª Avaliación.....unidades 1-9
1º ESO-2º IDIOMA:	os mesmos contidos que abarcan as avaliacións de 1º ESO
2º ESO:	1ª Avaliación.....unidades 1-3 2ª Avaliación.....unidades 1-6 3ª Avaliación.....unidades 1-9
2º ESO-2º IDIOMA:	os mesmos contidos que abarcan as avaliacións de 2º ESO
3º ESO:	1ª Avaliación.....unidades 1-6 2ª Avaliación.....unidades 1-11 3ª Avaliación.....unidades 1-16
3º PDC:	1ª Avaliación.....unidades 1-3 2ª Avaliación.....unidades 1-6 3ª Avaliación.....unidades 1-9
4º PDC	1ª Avaliación.....unidades 1-3 2ª Avaliación.....unidades 1-6

	3ª Avaliación.....unidades 1-9
4ºESO:	1ª Avaliación.....unidades 1-3 2ª Avaliación.....unidades 1-6 3ª Avaliación.....unidades 1-9
1ºBACH:	1ª Avaliación.....unidades 0-2 2ª Avaliación.....unidades 0-5 3ª Avaliación.....unidades 0-8
2ºBACH:	1ª Avaliación.....unidades 1-3 2ª Avaliación.....unidades 1-6 3ª Avaliación.....unidades 1-9

8. AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación é continua polo que, agás no referente ao alumnado coa materia pendente, non haberá recuperacións. A materia é de contidos progresivos; é dicir acumulativa o que non implica que un alumno que supere o exame correspondente á 3ª avaliación necesariamente supere a materia xa que para poder ser avaliado conceptual e procedimentalmente de xeito positivo, o alumnado terá que:

- Demostrar que posúe un certo dominio e equilibrio nas distintas destrezas que ten que resolver ao longo do curso. Este dominio terá que verse reflectido nas probas que ten que realizar ao longo de cada avaliación; de tal forma que as distintas partes deberán estar compensadas. O feito de obter unha cualificación moi baixa nunha delas determinará que o alumno non poida ser cualificado de xeito positivo.
- Evitar a reiteración de erros de base (por exemplo, un alumno que está a cursar 4º ESO e que cometa erros na conxugación do presente simple ou do presente continuo, que xa debería dominar de cursos anteriores, será penalizado.).
- Ter entregado, na data fixada, os traballos solicitados polo profesorado e ter traballado na aula.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN NO BACHARELATO E NA ESO:

Con carácter xeral, o alumnado terá que acadar un 50 % nos distintos apartados dos que consta o exame de “avaliación”. Unha cualificación inferior ao 50% nalgunha das partes ou un apartado do exame en branco determinará que non poida ser cualificado de xeito positivo.

Na 3ª **avaliación** (final) , consideramos unha casuística:

- Alumnado de 2º BACHARELATO para o que ó non superar a materia signifique non acceder ao exame de selectividade.

Neste caso , considerarase a materia superada sempre que o alumnado cumpra as seguintes condicións:

- Entregar con regularidade os traballos propostos polo profesorado ao longo do curso.
- Obter unha cualificación no exame final non inferior a “4” e que exista unha compensación entre os distintos apartados do exame.

Nas **probos extraordinarias** de setembro consideraremos dúas casuísticas:

a) Alumnado de 4º ESO para o que non superar a materia signifique non titular. Neste caso, o/a profesor/a da materia non se oporá á súa titulación sempre que o/a alumno/a cumprise as condicións establecidas e o traballo estipulado para realizar na casa e na clase.

b) Alumnado de 2º Bach que teña só suspensa esta materia na avaliación. Neste caso o/a profesor/a da materia non se oporá á outorgar unha cualificación de “5” sempre que no exame non obtivera unha cualificación inferior a “3”. (*)

(*) O criterio de promoción no bacharelato marcado polo departamento queda supeditado ao criterio de promoción da Orde de 24 de xuño de 2008 (DOG 27 de xuño de 2008)

*** En caso de non presentarse á algún dos exames de avaliación ou ás probas extraordinarias suporase que o/a alumno/a abandonou a materia polo que o departamento non facilitará a súa promoción ou titulación.**

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE DO ALUMNADO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os exames e controis son unha etapa máis no proceso de aprendizaxe e son algúns dos instrumentos dos que o profesorado fará uso para comprobar que o alumnado é capaz de utilizar o aprendido durante o curso.

I. EXAMES

Haberá un exame por avaliación que, no apartado de “cloze” será o mesmo para todo o alumnado dun mesmo nivel (agás 3º e 4º de diversificación curricular, 1º ESO e 2º ESO 2º Idioma e Educación de adultos). Estes exames constarán de:

Tres partes que na **ESO** son:

1. “cloze” (exercicios situacionais) + transformations + vocabulary mediante o que o alumnado terá que demostrar que é capaz de verter o aprendido en distintos contextos e demostrar que existe un estudio.
2. “listening comprehension” mediante o que o alumnado terá que demostrar que entende un texto e que é capaz de contestar por escrito ás preguntas propostas.
3. “writing” (redacción)

Tres partes que en **1º Bacharelato** son:

1. “cloze” (exercicios situacionais) + transformations + vocabulary mediante o que o alumnado terá que demostrar que é capaz de verter o aprendido en distintos contextos e demostrar que existe un estudio.
2. “ multiple choice listening” mediante o que o alumnado terá que demostrar que entende un texto e que é capaz de seleccionar e escoller a resposta adecuada. Se penalizarán as respostas erróneas para evitar a elección a chou.
3. “writing” (redacción)

Tres partes que en **2º Bacharelato** son:

1. cloze (exercicios situacionais) + transformations + vocabulary mediante o que o alumnado terá que demostrar que é capaz de verter o aprendido en distintos contextos e demostrar que existe un estudio.
2. “ multiple choice listening” mediante o que o alumnado terá que demostrar que entende un texto e que é capaz de seleccionar e escoller a resposta adecuada. Se penalizarán as respostas erróneas para evitar a elección a chou.
3. “Reading Comprehension” (entrance exam). Proba encamiñada a familiarizarse co exame de selectividade.

En **1º ESO e 2º ESO- 2º Idioma**, os exames serán de carácter máis mecánico na 1ª avaliación. Na 2ª e 3ª avaliacións haberá apartados situacionais para os dous niveis e poderá haber exercicios de comprensión oral sinxelos.

No **Programa de Diversificación Curricular (3º e 4º ESO)** os exames serán de tipo máis mecánico: Pon en interrogativa e negativa; escribe os plurais de..., o que non significa que non teñan que resolver exercicios contextuais básicos.

Nos **Módulos de Ensinanza de Adultos** os exames serán de carácter mecánico.

II. CONTROIS

Haberá controis que, na súa maioría, serán sen previo aviso, aínda que algúns deles (verbos, conxugación, etc.) serán anunciados con antelación, especialmente cando queiramos incidir nun aspecto no que vemos que o alumnado é máis reticente. Estes controis faranse cunha periodicidade que poderá variar segundo o ritmo do curso. O contido dos mesmos poderá ser de carácter variado:; xa sexa explicar a forma e uso dun determinado tempo verbal; explicar o uso dunha determinada estrutura; completar unha situación curta na que se incida en aspectos puntuais, etc. Preténdese deste xeito intentar que o alumnado, consciente de que cada certo tempo se lles vai a “preguntar a lección” leve a materia ó día.

III. OUTROS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Exercicios de expresión escrita- “writings” -que o profesor da materia planifica e que o alumnado terá que desenvolver unhas veces na aula, outras fóra da mesma..
- Tarefas sinaladas polo profesor da materia, tanto dentro coma fóra da aula (exercicios do libro de texto, do “workbook”, exercicios elaborados para practicar)
- Lectura do libro designado para cada nivel, sobre o que haberá probas de comprensión, resumos, exercicios tipo test, etc, (a partir de xaneiro)
- Actitude positiva fronte ás prácticas deseñadas para as clases de desdobre e entrega das tarefas sinaladas.
- Actitude positiva na aula.
- Respecto polos prazos sinalados para a entrega do material.
- Uso da lingua inglesa para expresarse na aula (en maior ou menor medida dependendo do nivel).

SISTEMA DE CUALIFICACIÓNS

O alumnado terá dende o principio do curso unhas pautas para poder saber como se cualifica un exercicio de “cloze” (exercicio situacional) .

Proporcionaselle unha situación ou varias e serán eles os que, dende “0” ata “3” terán que ir dando a puntuación que cren debería ser aplicada en cada oco.

Sorpréndenos o feito de que en moitas ocasións o alumnado, consciente de que os seus erros son graves, outorgan unha puntuación máis baixa da que nós damos e son máis severos cos erros que cometen ou poderían cometer.

Os apartados referentes a vocabulario e transformacións levan as cualificacións que dependerán da dificultade intrínseca dos mesmos, podendo variar dende “0’5” ata “2”.

Asemade ensínaselle a corrixir e puntuar os exercicios de “writing” e outros mediante un “correcting code” (siglas polas que se lles indica cal é o erro cometido)

A porcentaxe das distintas probas de avaliación varía segundo as avaliacións:

- ESO 1º CICLO

cloze + vocabulary	60%
listening comprehension	20%
writing	20%

- ESO 2º CICLO

cloze +transformations+ vocabulary	60%
listening comprehension	20%
writing	20%

- 1º BACHARELATO

cloze + transformations + vocabulary	70%
multiple choice-listening	10%
writing	20%

- 2º BACHARELATO

1ª avaliación:

cloze + transformations + vocabulary	50%
reading comprehension (exame selectividade)	40%
multiple choice-listening	10%

2ª avaliación:

cloze + transformations + vocabulary	45%
reading comprehension (exame de selectividade)	45%
multiple choice-listening	10%

3ª avaliación:

cloze + transformations + vocabulary	40%
reading comprehension (exame de selectividade)	50%
multiple choice-listening	10%

Unha cualificación por debaixo dun 50% nalgunha das distintas partes das que consta o exame de avaliación determinará que o alumno non poida ser cualificado de xeito positivo.

Un alumno que non superara os distintos controis de verbos irregulares e conxugación non poderá ser avaliado de xeito positivo.

Os controis feitos ao longo do curso, tanto con previo aviso como sen previo aviso terán un peso específico na cualificación do alumnado.

9. PLAN DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE NA ESO E BAC.

O alumnado de **bacharelato e 4º de ESO** coa materia pendente poderá asistir ás clases de reforzo os martes en horario non lectivo para traballar a materia. Alternaranse exercicios de gramática tanto mecánicos como contextualizados e exercicios de listening comprehension.

Asemade, proporcionarase a todo o alumnado que ten a materia pendente e que non asiste ás clases de reforzo follas con exercicios situacionais, mecánicos,...que deberán resolver previo estudo das unidades, temas gramaticais,etc...Recoméndase que indiquen que é o que están a repasar, estudar, en cada momento para que saiban que non é un mero trámite. Este alumnado deberá entregar o material para a súa corrección ao profesorado de referencia. Este material tamén se lle facilitará a todo o alumnado que así o solicite.Recoméndase a asistencia ás clases de reforzo a todo o alumnado coa materia pendente e a aqueles que, aínda sen ter a materia do curso anterior suspensa, necesiten apoio.

O alumnado de **2º e 3º ESO** coa materia pendente poderá asistir, en horario non lectivo, os martes para traballar a materia. Cunha certa periodicidade se lle proporcionará ao alumnado que estea a cursar 2º e 3º, e que non superara a materia no curso anterior, exercicios baseados nos contidos mínimos. O material será de carácter diverso (exercicios situacionais; exercicios de carácter máis mecánico,...) O material entregarse de forma personalizada, é dicir, todos e cada un dos alumnos nesta situación recibirán unha copia. Será corrixido nas horas de atención a pendentes correspondentes. O alumnado que non asista ás clases de reforzo deberá entregar o material para a súa corrección ao profesorado de referencia. Este material está ao alcance de todo

o alumnado que, sen ter a materia pendente, o solicite. As clases de reforzo se ofertan e recomendan a todo o alumnado que, aínda sen ter a materia pendente, necesite unha axuda.

Unha vez rematadas as clases, haberá **material de reforzo** a disposición do alumnado para elaborar durante o verán.

Os **desdobres** semanais facilitan unha maior atención á diversidade.

PROBAS EXTRAORDINARIAS

I. EXAMES DE PENDENTES DE BACHARELATO

Dividirase a materia en dúas partes e faranse 2 parciais. O alumnado superará a materia pendente se ten aprobados os dous parciais. Cando non supere o 1º parcial, pero obteña unha cualificación non inferior ao “4” poderá compensar dita cualificación se aproba o 2º parcial.

O alumnado que non superase a materia por parciais poderá presentarse a un exame global a modo de recuperación. Para superar o exame global o alumno terá que obter unha cualificación de “5”.

Os contidos dos exames de pendentes están baseados en mínimos e constan de:

- Exercicios situacionais (cloze)+ vocabulary 70%
- Listening comprehension 30%

Materia do 1º parcial: (MOVE ON) UNIDADES STARTER-4 (+ O VISTO)

Materia do 2º parcial: (MOVE ON) UNIDADES STARTER-8 (+ O VISTO)

Materia do exame global: (MOVE ON) Unidades STARTER-8

II. EXAMES DE PENDENTES NA ESO

Para facilitar o labor do alumnado, dividirase a materia en dúas partes e haberá dous exames ao longo do curso (convocatoria ordinaria) e un exame en setembro (convocatoria extraordinaria).

Primeiro exame que incluírá os contidos mínimos da metade das unidades que figuran no libro de texto correspondente ao nivel inmediatamente inferior ao que o alumnado estea a cursar.

Ao seren a lingua estranxeira unha materia con contidos progresivos, o **segundo exame** incluírá todos os contidos mínimos do libro de texto; é dicir, dende a unidade 1 ate o final.

Isto implica que aquel alumnado que non fora cualificado de xeito positivo no 1º exame ou non se presentase ao mesmo, pode superar a materia se supera o segundo. (Ver criterios de avaliación).

Os exames consistirán en:

- Exercicios gramaticais de tipo mecánico (completar cun determinado tempo verbal, facer preguntas sobre unha información dada, cambiar de singular a plural, léxico estudado, verbos irregulares,...)
- Exercicios situacionais (“cloze”) onde o alumnado terá que demostrar que manexa as estruturas estudadas e pode levalas á práctica.

CRITERIOS PARA SUPERAR A MATERIA PENDENTE POLA AVALIACIÓN CONTINUA

Para que o alumnado coa materia pendente poida ser avaliado de forma positiva valorarase que:

- este realice o traballo que o seu / a súa profesor /a lle proporcione.
- O traballo sexa realizado polo alumnado (non copiado ou feito por terceiras persoas). De nada serve entregar un traballo perfecto, no que non hai retroalimentación.
- O traballo sexa entregado nos prazos sinalados.
- Exista unha actitude positiva no curso de referencia.
- A cualificación numérica obtida no 2º exame non sexa inferior a “4”.
- Asista regularmente ás clases de reforzo e teña unha actitude positiva nas mesmas.

O alumnado que non cumpra os requisitos mencionados terá que obter unha cualificación numérica de “5”.

*** Os exames de pendentes serán supervisados por todos os membros do departamento antes da súa cualificación.**

III. EXAMES DE SETEMBRO

Os contidos dos exames de setembro están baseados en mínimos e constan de:

1º / 2º CICLO ESO

cloze + vocabulary + grammar exercises	60%
listening comprehension	20%
writing	20%

1º BACHARELATO

(cloze + vocabulary + grammar exercises)	70%
listening comprehension	20%
writing	10%

INGLÉS 2º IDIOMA

cloze + vocabulary + grammar exercises 100%

3° PDC

grammar + vocabulary 100%

4° PDC

grammar + vocabulary 100%

Os exames do alumnado de PDC constarán de exercicios de tipo mecánico.

EDUCACIÓN DE ADULTOS

grammar exercises 100%

2° BACHARELATO

cloze + vocabulary + transformations 45%

reading comprehension (selectividade) 45%

listening comprehension 10%

PENDENTES ESO

cloze + grammar exercises + vocabulary 100%

PENDENTES BACHARELATO

cloze + vocabulary 90%

listening comprehension 10%

10. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Cremos que para conseguir os obxectivo marcados debemos:

1. **Impartir as clases en inglés, incluídas as explicacións gramaticais** xa que o feito de que o alumno se vexa mergullado na lingua que está a aprender, potencia que as palabras que se lle activan na mente sexan nesa lingua e que o oído se acostume a dita lingua.. Aínda que somos conscientes de que nalgúns niveis, véxase a ESA (na que o uso da lingua estranxeira é practicamente imposible xa que algúns dos alumnos incluso teñen dificultades coa materna), grupos de Diversificación Curricular (nos que o uso da lingua estranxeira vese reducido), algúns grupos da ESO e a alumnado de 1º de BACH (alumnado que procede doutros centros, e que nun principio encontran dificultades para se expresar en inglés e para seguir as

explicacións, polo que nalguna ocasión ao principio do curso) a porcentaxe da lingua estranxeira usada na aula vese reducida), teremos que se máis flexibles.

2. **Evitar no posible a “enseñanza maxistral”**, especialmente no que se refire ás explicacións gramaticais. Cando dicimos “no posible” é por saber que hai estruturas, temas gramaticais, conceptos, etc, que son máis difíciles de pór en práctica dende un punto de vista funcional. De todos xeitos o que pretendemos é que xurda a necesidade de utilizar unha determinada estrutura, un determinado tempo verbal e propiciar a situación para que o alumnado sinta esa necesidade.
3. **Potenciar a aprendizaxe de novos coñecementos** que lles permitan a enfrontarse a situacións novas. Cremos que é máis produtivo axudar aos alumnos a ver cales son os principios organizativos dunha lingua e os seus compoñentes para que estes lles sirvan para organizar e assimilar toda a información que reciben e canalizar a regras pola que se rexe a nova lingua. De aí que consideremos importante crear situacións nas que o alumno sinta a necesidade de recorrer á seu bagaxe de coñecementos , e outras nas que o alumno non sexa capaz de resolver o problema proposto e xurda a dúbida e a necesidade de utilizar algo que aínda non está no seu rexistro. Por exemplo, ao comezo dunha unidade na que existe un tema novo, sería conveniente que o profesorado pedira ao alumnado que tente ver que é novo, que cren poder expresar, etc.
4. **Pór todos os medios** para que os coñecementos adquiridos **non** sexan obxecto de **esquecemento**. Para tal fin a práctica debe ser máis intensiva nunha primeira fase para pasar a ser máis variada e espazada en fases posteriores de tal xeito que teremos que:
 - **Vover sobre o xa estudado.** Temos que conseguir que sexan conscientes de que os coñecementos que adquiren no son compoñentes illados, senón facerlles ver como uns se imbrican nos outros para formar parte dun todo e como o estudado con anterioridade vaise expandindo.
 - Axudar o alumno a **descubrir como aprende** e de que maneira pode desenvolver e potenciar as estratexias para aprender..
 - Axudar o alumno a que estableza **similitudes e diferenzas** entre a materia nova e a xa estudada e interiorizada para poder refinar conceptos, aprender a discriminar e incorporar eses conceptos á súa estrutura cognoscitiva. A este respecto, cremos que a **formulación de preguntas** e a **verbalización de conceptos** é moi útil xa que permite descubrir se o estudado foi ben comprendido. Este tipo de exercicio é moi útil tanto na clase diaria como en controis, exames...
 - Axudar ó alumno a **autocorrexirse**. A aprendizaxe é un proceso continuo e o erro forma parte inevitable da mesma. De aí que a corrección de erros forme parte inevitable da mesma xa que axuda ó alumnado a potenciar a súa capacidade e análise á vez que a consolidar os seus coñecementos. As veces o problema estriba, non tanto na

equivocación como na inseguridade que o alumno experimenta cando descoñece como funciona o mecanismo. De aí que consideremos de gran importancia que o alumno aprenda a saber autocorrexirse (mediante un “Correcting Code” que se lles proporciona ao comezo do curso para que poida saber que tipo de erros cometeu), a aceptar a corrección e a opinión doutros alumnos da aula.

11. RECURSOS DIDÁCTICOS, MATERIAIS E LIBROS DE USO PARA O ALUMNADO

1. RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO

1º ESO:

“SPOTLIGHT 1” (STUDENT’S + WORKBOOK)

DVD/ CDs / CD-ROM

(Ed. Oxford)

1º ESO 2º IDIOMA

MATERIAL ELABORADO POLO DEPARTAMENTO

2º ESO

“SPOTLIGHT 2” (STUDENT’S + WORKBOOK)

DVD// CDs / CD-ROM

(Ed. Oxford)

2º ESO 2º IDIOMA

MATERIAL ELABORADO POLO DEPARTAMENTO

3º ESO

“ENGLISH IN MIND 1” (STUDENT’S + WORKBOOK)

CDs

(Ed. Cambridge)

4º ESO

“MACMILLAN SECONDARY COURSE 4” (STUDENT’S +WORKBOOK)

VIDEO / CDs

(Ed. MACMILLAN)

3º ESO PDC

“GOOD MOVE” (STUDENT'S + WORKBOOK)

CDs

(Ed. Oxford)

4º ESO PDC

“SMART MOVE” (STUDENT'S + WORKBOOK)

CDs

(Ed. Oxford)

1º BACHARELATO

“MOVE ON” (STUDENT'S)

CDs / CD-ROM

(Ed. Oxford)

2º BACHARELATO

“TACTICS 2” (STUDENT'S + WORKBOOK)

CDs /CD-ROM

(Ed. Cambridge)

ESA MÓDULO III

LIBRO DE TEXTO RECOMENDADO:

“ GOAL” (STUDENT'S BOOK) (ed. O. U. P.)

2. LIBROS DE LECTURA

3ºESO

“MADAME DOUBTBIRE”. (Ed. Burlington)

4ºESO

“THE MIND MAP” David Morrison. (Ed. Cambridge University Press)

1ºBACHARELATO

“ABOUT A BOY” Nick Hornby. (ed. Longman)

En 1º e 2º ESO, non hai libros de lectura marcados. Os profesores da materia seleccionarán as lecturas axeitadas para os distintos niveis e o alumnado escollerá dentre ese material para ler ao longo do curso. O alumnado poderá intercambiar o libro/s lido/s cos seus compañeiros, recomendar os seus preferidos... A actividade terá lugar preferiblemente na biblioteca (dependo

da disponibilidad) ou, no seu defecto, na aula. O/a profesor/a acompañará ao alumnado e monitorizará a elección das lecturas.

OUTROS MATERIAIS

Ademais dos libros de texto e dos libros de exercicios mencionados, o Departamento utiliza material fotocopiado de distintas editoriais, transparencias, CDRoms, DVDs de películas e/ou material didáctico, xogos didácticos, “fichas” de reforzo elaboradas polo departamento e neste curso temos previsto pilotar material dixitalizado proporcionado por algunhas editoriais de cara ao vindeiro curso.

LIBROS DE USO PARA O ALUMNADO

En cada aula hai unha gramática con teoría, exercicios e solución aos mesmos para uso do alumnado. No 1º ciclo da ESO será o profesorado o que lle indique como encontrar a solución aos exercicios. Na ESO hai un dicionario bilingüe en cada aula, no Bacharelato hai un dicionario monolingüe.

Na biblioteca do centro, hai libros de referencia, de lectura e revistas con material auditivo para uso do alumnado, que tamén ten á súa disposición dicionarios bilingües, monolingües e en soporte dixital.

12. ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS DO ALUMNADO

A comezo de curso facemos unha proba de nivel a todos os grupos que nos permite realizar a avaliación diagnóstica.

13. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Revisanse os obxectivos e contidos recollidos na programación nas reunións semanais do departamento coa finalidade de adecualos á realidade da aula e de manter un ritmo de aprendizaxe común nos distintos grupos.

A memoria final recolle sempre as posibles modificacións introducidas na programación ao longo do curso e os motivos para introducilas.

14. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

Na páxina web do centro, no apartado do departamento, pódese atopar a programación completa que deste xeito pode ser consultada por todos os membros da comunidade educativa.

Unha copia dos criterios de avaliación colócase en todas as aulas no cortizo de información do alumnado.

15. TEMAS TRANSVERSAIS E A SÚA PROGRAMACIÓN

O currículo oficial que recolle coñecementos relativos a conceptos, procedementos e actitudes, promove o desenvolvemento de novas actitudes e valores e, o suficientemente flexible como para recoller as necesidades formativas características dunha sociedade pluralista e en constante cambio. Neste senso, o currículo, que debe dar resposta, entre outros aspectos, a “que” e “como” ensinar, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas nos distintos currículos, o impregnan. Este carácter integral do currículo implica a incorporación de elementos básicos contidos nas “ensinanzas transversais”, ensinanzas que responden a situacións patentes no ámbito social e que inciden na dimensión ética e persoal de interese común, non só ós membros integrantes da comunidade escolar, senón o conxunto das sociedades.

Dende este punto de vista, estas “ensinanzas transversais” entran no campo da “Educación de Valores”, valores, tanto importantes para o desenvolvemento persoal do alumnado como para un proxecto de sociedade libre e pacífica; unha sociedade respectuosa cara ás persoas, animais, e cara á natureza no seu conxunto.

Se facemos unha opción responsable polos valores e pola “transversalidade”, temos que aceptar o noso propio proceso de mellora persoal tentando de ser coherentes coas propostas adoptadas. Non debemos esquecer que a presenza dunha linguaxe sensible ós valores debe estar intimamente ligada a cuestións didácticas e metodolóxicas das “Ensinanzas Transversais”; polo que unha linguaxe igualitaria, aberta, flexible e respectuosa deberá estar presente de xeito continuado na actividade docente.

A metodoloxía e enfoque educativo do Departamento de Lingua Inglesa, polo seu carácter intrínseco de realidades alleas ó medio cotiá, permite recoller a totalidade dos temas transversais e facer que estes estean presentes, con maior ou menor intensidade.

Non obstante, consideramos que os seguintes temas transversais, pola súa idiosincrasia, idiosincrasia que fai que estean presentes nos libros de texto de todos os niveis, poden ser tratados cunha maior intensidade.

- Educación para a paz
- Educación do consumidor
- Educación vial
- Educación para a saúde
- Educación para o respecto ó medio natural
- Educación para a igualdade
- Educación para a multiculturalidade

EDUCACIÓN PARA A PAZ

Obxectivo xeral: aprender actitudes básicas para unha convivencia libre, democrática, solidaria e participativa.

Valores e actitudes:

- comprensión, aceptación e respecto cara ós demais.
- escoita e diálogo como medios para crear un clima propicio para o desenvolvemento das relacións interpersoais.
- afectividade nas relacións interpersoais.
- interese pola diversidade.
- apertura e flexibilidade ante as opinións dos outros.
- toma de conciencia dos problemas de violencia e inxustiza existentes.
- rexeitamento da violencia en todo tipo de situacións e conflitos.
- desenvolvemento da autonomía persoal e da autoafirmación.
- confianza nas propias capacidades para afrontar problemas e conflitos.

Obxectivos didácticos:

- descubrir e valorar as propias capacidades como medios eficaces para contribuír ó desenvolvemento harmónico da vida.
- desenvolver a afectividade no encontro coas persoas que nos rodean.
- reflexionar sobre as situacións de conflito que poidan presentarse tentando de soluciónalas de forma creativa e non violentas mediante a mediación.
- coñecer e potenciar os dereitos humanos e a solidariedade.

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR

Obxectivo xeral: dotar ó alumnado de instrumentos de análise crítica fronte ás ofertas da sociedade de consumo.

Valores e actitudes:

- valoración do traballo de transformación dos recursos naturais
- actitude responsable e crítica fronte a todo tipo de suxestións ou incitación ao consumo
- uso responsable dos recursos.
- actitude crítica ante as informacións e as mensaxes publicitarias.

Obxectivos didácticos:

- coñecer, valorar e respectar os recursos naturais.
- ser capaces de ler e interpretar de xeito crítico as estratexias de venda e as mensaxes publicitarias.
- recoñecer e sentirse sensibilizado ante os problemas das persoas que carecen dos ben de consumo básico.

EDUCACIÓN VIAL

Obxectivo xeral: desenvolver hábitos de convivencia cidadá e de sentido e responsabilidade dos medios de transporte.

Valores e actitudes:

- rexeitamento da agresividade.
- actitude responsable ante as normas relacionadas coa circulación do tráfico.
- responsabilidade e prudencia no uso das vías de comunicación.
- valoración da utilidade do transporte colectivo fronte ao individual.
- toma de conciencia da importancia da contaminación atmosférica e acústica.
- sensibilidade ante o impacto social e medioambiental producido polo uso irracional de vehículos motorizados contaminantes.

Obxectivos didácticos:

- valorar o uso dos bens públicos: medios de transporte, vías públicas de comunicación.
- identificar e interpretar correctamente as mensaxes básicas da circulación vial.
- desenvolver unha actitude crítica ante situacións de comportamento incívico (agresividade, competitividade).
- analizar os problemas que a circulación vial presenta dende o punto de vista da contaminación.

EDUCACIÓN PARA Á SAÚDE

Obxectivo xeral: potenciar actitudes que permitan unha mellor calidade de vida.

Valores e actitudes:

- desenvolvemento da autoestima e da confianza nun mesmo.
- aceptación das posibilidades e limitacións do propio corpo.
- actitude de respecto e de coidado cara ó propio corpo.
- actitude de esforzo para adquirir hábitos de vida saudables.

- toma de conciencia da responsabilidade que temos sobre a nosa propia vida e saúde.
- comprensión e solidariedade cos grupos considerados “marxinais” por falta de saúde física ou psíquica.

Obxectivos didácticos:

- sensibilizar ao alumnado para que participe de xeito responsable na xestión da propia saúde.
- descubrir e interiorizar a propia realidade sexual.
- reforzar á autonomía e autoestima para a construción dun proxecto de vida saudable.
- descubrir as riquezas das relacións interpersoais.
- desenvolver a sensibilidade ante as persoas que padecen calquera tipo de doenza ou minusvalía.
- coñecer as distintas organizacións que traballan contra a marxinación contra todo tipo de enfermidades e na promoción da saúde e o desenvolvemento dos pobos.

EDUCACIÓN PARA O RESPECTO Ó MEDIO NATURAL

Obxectivo xeral: capacitar ó alumnado para a comprensión das relacións co medio no que están inmersos e para dar resposta de forma solidaria e participativa ós problemas do medioambiente, entendendo como tal, non só a flora senón a fauna.

Valores e actitudes:

- respecto cara ás diferentes manifestacións da vida.
- toma de posturas coherentes a favor do medioambiente.
- toma de postura coherente en contra da crueldade cos animais domésticos.

Obxectivos didácticos:

- espertar o interese e solidariedade polo medioambiente desenvolvendo unha actitude de responsabilidade para protexelo e melloralo.
- tomar conciencia da posible incidencia das propias actitudes e comportamentos habituais no equilibrio do entorno.
- tomar conciencia das asociacións defensoras e protectoras da fauna e flora.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE

Obxectivo xeral: desterrar o tratamento discriminatorio que sofren as persoas en función do seu sexo ou de calquera outra circunstancia considerada como discriminatoria.

Valores e actitudes:

- autonomía e independencia no exercicio das nosas potencialidades persoais por encima de calquera tipo de prexuízo sexista.
- actitude crítica e de rexeitamento ante os prexuízos e estereotipos sexistas que se producen na sociedade e, en especial divulgados nos medios de comunicación.
- rexeitamento de todo tipo de actitudes sociais discriminatorias.
- valoración positiva da diversidade de orientacións sexuais.

Obxectivos didácticos:

- descubrir e potenciar as capacidades persoais sen deixarse influír por condicionantes de carácter sexista.
- ser capaces de identificar e de realizar unha análise crítica das manifestacións sexistas e discriminatorias que se produzan na linguaxe.
- participar de forma solidaria e construtiva nas actividades de grupo
- descubrir e interpretar a diversidade como elemento enriquecedor.

EDUCACIÓN PARA A MULTICULTURALIDADE

Obxectivo xeral: adquirir unha cultura de referencia europea para poder ser ampliada á unha cultura universal.

Valores e actitudes:

- comprensión, aceptación e respecto cara ás demais culturas.
- apertura e flexibilidade ante ás contribucións dos países membros da comunidade europea e daqueles que non forman parte da mesma.
- aceptación do intercambio de costumes, ideas,...distintas.
- apertura e dispoñibilidade para o traballo cooperativo.
- apertura e dispoñibilidade para o intercambio no mercado de traballo.

Obxectivos didácticos:

- desenvolver a conciencia de identidade europea e de cidadanía do mundo cos seus valores, dereitos e obrigas.

- preparar para a cooperación cívica, tecnolóxica e profesional entre os países europeos, en primeiro termo, e entre o resto dos países do mundo.
- familiarizarse coa xeografía, historia, lingua e institucións dos países europeos e ser capaces de contrastar aspectos duns países cos outros para poder establecer similitudes e diferenzas.
- fomentar a necesidade de comunicarse e de se facer entender.

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

O Departamento ten prevista a proxección de películas en inglés con subtítulos ou non (dependendo dos niveis).

As películas no 2º ciclo ESO e 1º BACHARELATO están baseadas nos libros de lectura sempre que exista esa posibilidade.

1º ESO.....THE WRONG TROUSERS

2º ESO..... THE CURSE OF THE WERE-RABBIT

3º ESO..... MRS DOUBTFIRE

4º ESO..... Sen determinar

1º BACH..... ABOUT A BOY

Queda aberta a posibilidade dun “contacontos” se conseguimos compartir o gasto con outro/s departamentos.

17. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA: PLAN LECTOR

Desde o departamento promovemos o fomento do hábito lector como medio que contribúe, non só á ampliación de coñecementos da materia (estruturas, léxico,...) senón ao desenvolvemento persoal e social do alumnado.

Pretendemos que esta actividade estea estruturada en torno a unha serie de obxectivos xerais e específicos de cara ao desenvolvemento da competencia lectora.

No 1º CICLO da ESO, e coincidindo coa hora semanal de prácticas de desdobre, o profesor da materia leva á metade do grupo á biblioteca e lles proporciona unha serie de libros adaptados en inglés previamente seleccionados. O alumnado ten así a oportunidade de escoller o libro que desexa ler. Unha vez lido o libro, a súa tarefa consistirá en completar unha “ficha” sinxela na que entre outros datos terá que dar a súa opinión (se lle gustou ou non e as razóns) e facer un resumo.

No 2º CICLO da ESO e 1º de BACHARELATO existen uns **itinerarios lectores**, o alumnado ten un libro adaptado en lingua inglesa que deberá ir lendo ao longo do curso. Procuramos escoller libros dos que exista unha versión audiovisual xa que comprobamos que a imaxe é unha

boa ferramenta para despertar o interese pola lectura. Ao rematar o curso haberá un pequeno exame sobre o libro.

En 2º de BACHARELATO non hai ningún libro de lectura obrigatorio. Cremos que o alumnado deste nivel ten, nos seus libros de texto, material de lectura suficiente e capacidade para decidir se, de xeito voluntario queren ou poden ler algo a maiores. Gustaríanos salientar o feito de que nesta materia todos os libros de texto proporcionan material de lectura que abarca distintos tipos de texto (prensa, cartas, críticas de cine, narrativa,...) e distintas actividades sobre os mesmos.

En canto as tarefas sobre o libro/s e exames non hai cualificación numérica. Pretendemos que o alumnado lea, non por o feito de ser avaliado por outra actividade máis, senón de ler para gozar e para seren conscientes de que a lectura vai redundar de forma positiva nos seus coñecementos da materia e do mundo no que está a vivir.

Asemade queremos facer constancia de que o fomento da lectura non só consiste en ler e marcar unhas tarefas sobre determinados libros. O desenvolvemento da competencia lectora abarca unha ampla rede de fontes e tipoloxías textuais en distintos soportes o que facilita e determina habilidades específicas de lectura.

18. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

PLAN TIC DE CENTRO:

No departamento de inglés levamos uns once anos utilizando as Tecnoloxías da Información e Comunicación como elemento integrador e integrado no currículo xa que é un feito probado que favorece o desenvolvemento da competencia lectora, é unha ferramenta que esperta e promove a capacidade de manexar, contrastar e seleccionar información para fomentar unha capacidade crítica fronte a un mundo de posibilidades informativas e formativas, é un medio de comunicación e intercambio, ten un enfoque interactivo e pode facilitar a aprendizaxe do alumnado.

Nas clases prácticas de desdobre, que teñen lugar cada semana, a metade do grupo dun nivel determinado traballa na aula de informática con programas que abarcan os contidos da materia e teñen acceso a outros programas, páxinas web, dicionarios,... que, dunha parte engloba toda a diversidade curricular, facilita a aprendizaxe e a autonomía do alumnado pola posibilidade de seguir o seu propio ritmo de traballo.

ANEXO I (SOBRE PRÁCTICAS E DESDOBRES)

Unha vez á semana divídense os grupos en dúas metades; unha metade traballa na aula de informática con programas de ordenador axeitados aos distintos niveis, programas que permiten unha aprendizaxe autónoma, (sempre baixo as directrices do profesorado) e mediante os que se potencia a atención á diversidade. O uso destes programas informáticos como material de desdobres impón a necesidade de dispor dunha das aulas de informática para poder impartilos. A outra metade queda na aula de referencia, traballando aspectos de “Listening Comprehension”, “Multiple Choice-Comprehension“, “Reading Comprehension”, “Writing”, “Speaking”, ou calquera outro tema que se considere oportuno.

A semana seguinte, a metade que xa traballou na aula de informática, queda na aula de referencia, e o resto do grupo traballa na aula de informática.

ANEXO II (SOBRE CONTIDOS MÍNIMOS)

CONTIDOS MÍNIMOS DE 1º DE ESO (1º e 2º IDIOMA)

- verbos “be” e “have got”
- estructura das oracións afirmativas, interrogativas e negativas
- pronomes persoais suxeito e obxecto (I, you, he, she,... me, you, him, her,...)
- adxectivos posesivos (my, your, his, her,...) e o xenitivo saxón (‘s / ‘)
- pronomes demostrativos e adxectivos demostrativos (this, that,...)
- pronomes interrogativos (what, what time, where,...)
- artigos determinado (the) e indeterminado (a / an) usos
- plural dos substantivos e plurais irregulares (feet, teeth, children, men,...)
- números ordinais (one, two, three,...) e cardinais (first, second, third,...) e as súas aplicacións para dicir a hora, as datas,...
- O imperativo
- verbo modal “can” para peticións e expresar habilidade.
- verbo modal “must” para expresar a obriga
- presente simple en afirmativa, interrogativa e negativa
- like, love, hate,... + substantivos
- adverbios de frecuencia (always, never, often,...) e frases adverbiais (once a month, every day,...) e a súa posición na oración
- “there is” / “there are”
- substantivos contables e incontables
- “quantifiers” (some, any,...) e preguntas con “how much”, “how many”
- adxectivos cualificativos e a súa posición na oración
- presente continuo en afirmativa, interrogativa y negativa e as expresións temporais características (now, at the moment) e contraste co presente simple.
- preposicións básicas de lugar e tempo (at, in, on,...)
- pasado simple do verbo “to be”
- “there was”, “there were”
- pasado simple dos verbos regulares e irregulares e expresións de tempo (yesterday, last week,...)
- “ be going to” para expresar intención no futuro e expresións temporais (tomorrow, next week,...)
- léxico relacionado coa familia, alimentos, os amigos, o colexio, a roupa,...
- spelling rules

-lista de verbos irregulares

CONTIDOS MÍNIMOS DE 2º DE ESO (1º e 2º IDIOMA)

-to be e have got

-presente simple en afirmativa, interrogativa e negativa + adverbios de frecuencia e outras expresións relacionadas co presente simple (usually, once a month,...)

-have got, there is, there are

-presente continuo en afirmativa, interrogativa e negativa + expresións relacionadas co mesmo (now, at the moment,...)

-verbos modais e as súas características: “can”, “must”, “mustn’t”, “should”, “shouldn’t”, “could”-usos dos mesmos

-grados de comparación dos adxectivos: comparativo e superlativo (-er / more...than -est, the most...)

-“quantifiers” : much, many, a lot of, how much, how many

-Preposicións e frases preposicionais de lugar: under, between, on the right,...

-pasado simple (afirmativa, interrogativa e negativa) e expresións temporais

-pasado continuo (afirmativa, interrogativa e negativa). Contraste co pasado simple

-like, love, hate,... + substantivos e verbos-ing

-expresión de futuro con “will” e “be going to” (diferenzas) e expresións temporais

-léxico activo

-spelling rules

-verbos irregulares

- A todo isto haberá que engadir o estudado en 1º ESO

CONTIDOS MÍNIMOS DE 3º DE ESO

-pronomes posesivos

-presente simple e continuo (forma, uso, expresión temporais, contraste)

-like, love, enjoy, hate,...+ v-ing

-would like to + infinitivo

-adxectivos en posición atributiva e predicativa

-grados de comparación dos adxectivos

-verbos modais e as características e outros verbos relacionados (can, could, must, mustn’t, should, shouldn’t, have to,...)

-pasado simple en contraste co pasado continuo

-quantifiers (much, many, a lot,...)

-expresión de futuro con “will”, “be going to” e presente continuo (diferenzas no uso das formas)

-present perfect: forma (afirmativa, interrogativa e negativa)

-léxico activo

-spelling rules

-verbos irregulares

- A todo isto haberá que engadir o estudado en cursos anteriores

CONTIDOS MÍNIMOS DE 3º ESO PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

-be e have got

-pronomes persoais (suxeito e obxecto)

-adjectivos e pronomes posesivos. Introducción ao xenitivo saxón (‘s , ‘)

-os números cardinais e ordinais

-plurais (regulares, irregulares)

-adjectivos e pronomes demostrativos (this, that, these, those)

-there is, there are

-artigo indeterminado (a / an)

-artigo determinado (the)

-quantifiers (some, any)

-presente continuo (afirmativa, interrogativa e negativa) e expresións temporais características

-presente simple (afirmativa, interrogativa e negativa); adverbios de frecuencia e expresións temporais

-o imperativo

-preposicións básicas de lugar e tempo (in, on at,...)

-substantivos contables e incontables

-how much e how many

-pronomes interrogativos (where, when, what,...)

-expresión de futuro con be going to

-like, love, hate,... + v- ing

-verbos modais (can, must): usos e as súas características

-pasado simple de verbos regulares e irregulares (afirmativa, interrogativa e negativa)

-o adxectivo

-orde da oración

-léxico activo

-spelling rules

-lista de verbos irregulares

- A todo isto haberá que engadir o estudado no 1º ciclo da ESO

CONTIDOS MÍNIMOS DE 4º DE ESO

-presente simple e continuo (forma, usos e contraste)

-“indefinite pronouns” e “adverbs” (something, somebody, somewhere,...)

-pronomes interrogativos (diferenza entre función suxeito e obxecto)

-pronomes e adverbios relativos., oracións de relativo (defining relative clauses)

-too / enough

-pasado simple e continuo (forma, uso e contraste)

-“used to” + infinitivo

-present perfect (forma, distintos usos con “yet”, “already, for, since, already,...

-“will”, “be going to”, present continuous”, “present simple” para expresar o futuro

-verbos modais: características e usos (can, could, must, mustn’t, may, might, should,...)

-verbos relacionados cos verbos modais: “have to”, “be able to”.

-uso de “-ing” detrás de preposicións, verbos como “like”, “love”, “hate”, “enjoy”;...

-conectores: “but”, because, so,...

-a voz pasiva (forma: saber formar a voz pasiva en todos os tempos estudados, e saber os seus usos)

-oracións condicionais “real” e “unreal” (forma e diferenza entre ambas)

-estilo indirecto: “statements, questions, commands e requests”, diferenza entre os verbos “say” e “tell”; cambios que poden xurdir nos deícticos,...)

-léxico activo

-spelling rules

-verbos irregulares

- A todo isto haberá que engadir o estudado en cursos anteriores

ANEXO II (SOBRE CONTIDOS MÍNIMOS)

CONTIDOS MÍNIMOS DE 4º ESO PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

-sustantivos contables e incontables; some e any

- singular e plural e regras ortográficas
- pronomes pessoais suxeito e obxecto
- be e have got
- adxectivos posesivos e pronomes posesivos
- o xenitivo saxón (‘s, ‘)
- o artigo indeterminado (a / an) e o artigo determinado (the): usos, omisións e diferencias
- expresión da cantidade con “how much / “how many” / “ a lot of” / “much” / “ a little”,...
- presente simple (afirmativa, interrogativa e negativa); adverbios de frecuencia (always, often,...) e a súa posición dentro da oración; outras expresións características.
- presente continuo (afirmativa, interrogativa e negativa) e expresións temporais utilizadas co presente continuo (now, at the moment,...)
- contraste entre presente simple e presente continuo
- pasado simple (afirmativa, interrogativa, negativa) e expresións de tempo características
- expresión do futuro con “will” e “be going to”: usos e diferencias; expresións de tempo utilizadas (next week, tomorrow,...)
- diferencia entre “yes/no questions” e “wh-questions” ; pronomes interrogativos (what, when, which,...)
- preposicións básicas de tempo, lugar e movemento (at, in, on, to, up, into,...)
- o imperativo
- adxectivos e a súa posición na oración
- adverbios de modo e a súa formación
- grao de comparación dos adxectivos (-er...than, more...than, -est, the most..., as...as,...)
- verbos modais (can, must, mustn’t, need, could,...): características e usos (habilidade, obrigación, prohibición,...); outros verbos relacionados como “have to”
- léxico activo
- spelling rules
- lista de verbos irregulares

- A todo isto haberá que engadir o estudado previamente: 1º ciclo da ESO e 3º PDC

CONTIDOS MÍNIMOS DE 1º DE BACHARELATO

- present simple e present continuous; forma, usos e contraste entre ambos
- verbos seguidos de “-ing” (“like”, “love”, “enjoy”, “hate”,): diferenza entre “like + v-ing” e “like + to-infinitive”)
- verbos non utilizados normalmente en tempos continuous: believe, know, seem, ...

- pronomes e adverbios relativos; oracións de relativo: “defining and non-defining”. diferencias, omisión dos pronomes,...
- past simple e past continuous: forma, usos e contraste entre ambos
- present perfect: forma e uso; contraste co past simple.
- for, since, ago, yet, already, still, during: usos e diferenzas
- past perfect simple e contraste co past simple
- passive voice
- causative “have”
- used to + infinitive, get used to + v-ing, be used to + v-ing: usos e diferenzas
- verbos modais + simple infinitive e perfect infinitive: diferenzas
- verbos modais + perfect infinitive: características, significados
- related verbs (have to, have got to, be able to,...)
- expresións de futuro (will, be going to, present continuous, present simple)
- clauses of time (when, as soon as, until, ...)
- future perfect e future continuous: forma, usos e diferenzas
- conditional clauses (real, unreal, imposible) + unless
- direct e reported speech: statements, questions, commands, requests, suggestions, offers) e reporting verbs (say, tell, ask, apologise, suggest, offer, invite, explain,...)
- wish + past simple e past perfect: usos e contraste
- connectors: because, since, as, although, in spite of, ...
- phrasal verbs básicos que figuran no libro de texto
- léxico activo relacionado cos temas tratados: a familia, experiencias persoais, a saúde, amizade, ocio, novas tecnoloxías,...
- léxico activo
- spelling rules
- list of irregular verbs

- A todo isto haberá que engadir o estudado en cursos anteriores

CONTIDOS MÍNIMOS DE 2º DE BACHARELATO

-tenses: present simple; present continuous; past simple; past continuous; present perfect simple (just, already, yet, since, for,...); present perfect continuous; past perfect simple and continuous: simple condicional; perfect condicional; expresión of future (be, going to, will, present continuous, present simple); future perfect; future continuous. Usos, similitudes e diferenza entre eles.

- defining e non-defining relative clauses (pronomes e adverbios de relativo: usos, omisións e diferenzas entre ambas.
- clauses of time (when, until, as soon as,...)
- clauses of purpose (so as to, in order to,...)
- contrast (however, in spite of, although,...)
- result clauses (so...that, such / such a/an...that,...)
- conditional clauses (real, unreal, imposible, mixed) + unless, as long as, providing,...
- wish + past simple / wish + past perfect / wish + would: diferenzas.
- passive e passive with reporting verbs (they are thought to be...)
- causative use of have e get
- phrasal verbs baseados nos que figuran no libro de texto de 1º e 2º de Bacharelato
- reported speech e outros verbos introdutores (accept, agree, apologise, ask, beg, insist,...)
- verbs + inf / verbs + -ing
- uso de xerundio como suxeito dunha oración
- participial adjectives (-ing, -ed)
- prefixos e sufixos para a formación de adxectivos
- léxico activo
- spelling rules
- list de verbos irregulares

- A todo isto haberá que engadir o estudado en cursos anteriores.

CONTIDOS MÍNIMOS DE 3º / 4º ESA (EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS) **MÓDULO III**

- substantivos contables e incontables; some e any
- singular e plural e regras ortográficas
- pronomes persoais suxeito e obxecto
- be e have got
- adxectivos posesivos e pronomes posesivos
- o xenitivo saxón (‘ s ‘)
- o artigo indeterminado (a / an) e o artigo determinado (the): usos, omisións e diferenzas
- expresión da cantidade con “how much / “how many” / “ a lot of” / “much” / “ a little”,...
- presente simple (afirmativa, interrogativa e negativa); adverbios de frecuencia (always, often,...) e a súa posición dentro da oración; outras expresións características.
- presente continuo (afirmativa, interrogativa e negativa) e expresións temporais utilizadas co presente continuo (now, at the moment,...)

- contraste entre presente simple e presente continuo
- pasado simple (afirmativa, interrogativa, negativa) e expresións de tempo características
- expresión do futuro con “will” e “be going to”: usos e diferenzas; expresións de tempo utilizadas (next week, tomorrow,...)
- diferenza entre “yes/no questions” e “wh-questions” ; pronomes interrogativos (what, when, which,...)
- preposicións básicas de tempo, lugar e movemento (at, in, on, to, up, into,...)
- o imperativo
- adxectivos e a súa posición na oración
- adverbios de modo e a súa formación
- grao de comparación dos adxectivos (-er...than, more...than, -est, the most..., as...as,...)
- verbos modais (can, must, mustn’t, need, could,...): características e usos (habilidade, obrigación, prohibición,...); outros verbos relacionados como “have to”
- léxico activo
- spelling rules
- lista de verbos irregulares

- A todo isto haberá que engadir o estudo nos módulos 1 e 2 da ESA.